

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 24**

### **SESION ORDINARIA DO 28 DE NOVEMBRO DE 2011**

#### **ASISTENTES**

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE**

Excmo. Sr. Alcalde  
Abelairas Rodríguez, Isaura  
Díaz Vázquez, Raquel  
Fernández Pérez, José Manuel  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Regades Fernández, David  
Rivas González, Angel  
Rodríguez Díaz, Santos H.  
Rodríguez Escudero, Cayetano

##### **POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG**

Alonso Pérez, Fco. Xabier  
Domínguez Olveira, Santiago  
Veloso Ríos, Iolanda M<sup>a</sup>

##### **POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR**

Álvarez Pérez, José Luís  
Araújo Pereira, Marcos  
Beiro Diz, Pablo  
Bernárdez de Dios, Antonio  
Bravo Bosch, M<sup>a</sup> José  
Cendón Alonso, M<sup>a</sup> Teresa  
Egerique Mosquera, Teresa  
Larriba Leira, M<sup>a</sup> Elvira  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
García Míguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Iglesias Bueno, Marta  
Relova Quinteiro, Roberto F.

#### **NON ASISTE:**

Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte a oito de novembro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades

Fernández, Relova Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está ausente a concelleira Sra. Silva Rego. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

A PRESIDENCIA: Bos días, señoras e señores concelleiros. Iniciamos o Pleno en sesión ordinaria convocada para o día de hoxe ás nove horas, coa orde do día de data 24 de novembro que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constatamos quórum e abrimos sesión pública.

### **PARTE RESOLUTIVA**

1.- (275).- ACTAS ANTERIORES. SESIÓNS 05 E 26.09.11 E DÚAS EXTR. 24.10.11.

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, apróbanse as actas correspondentes ás sesións ordinarias do Pleno da Corporación que tiveron lugar os días 5 e 26 de setembro e dúas sesións extraordinarias do día 24 de outubro.

1.1.- (276).- ESCRITO DE RENUNCIA Á ACTA DE CONCELLEIRA DE DONA ELVIRA LARRIBA LEIRA, PERTENCENTE AO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR. EXPTE. 360/1101.

ANTECEDENTES.- Mediante escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro de 2011, a concelleira do grupo municipal do Partido Popular, dona Elvira Larriba Leira renuncia ao seu cargo de concelleira.

-----  
S. Ordinaria 28.11.11

INTERVENCIÓN DA SRA. LARRIBA LEIRA: Querería aproveitar a miña derradeira intervención neste Pleno para lle agradecer á cidadanía de Vigo o apoio ao Partido Popular que permitiu a miña participación na política municipal.

En segundo lugar, agradecer tamén aos meus compañeiros do Grupo municipal do Partido Popular a súa colaboración, apoio e cariño, especialmente a Chema Figueroa, o noso voceiro e presidente do PP de Vigo.

Por último agradecer ao conxunto da Corporación polo trato sempre amable que recibín. Ao interese de Vigo e aos vigueses dediquei o meu traballo nestes case cinco anos e así o seguirei facendo como senadora en Madrid.

Aproveito esta oportunidade para ofrecer a miña colaboración con quen estea comprometido con Vigo e cos seus cidadáns, independentemente da súa cor política. A todos moitas gracias.

A PRESIDENCIA: Gracias, Sra. Larriba, eu dende a Presidencia recoñézolle os seus anos de traballo neste Concello e neste Pleno, un traballo ben feito, ben medido e ben levado adiante. Desexámoslle os maiores éxitos na súa nova tarefa, no seu novo cometido no Senado de España. Moitas gracias.

Ao abeiro do sinalado nos arts. 182.1 da Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, de Réxime Electoral Xeral, 223.4 da Lei Autonómica 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 9.4 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e en función do previsto na Instrución do 19 de xullo de 1991, da Xunta Electoral Central sobre relevo de cargos representativos locais,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Tomar coñecemento do escrito de renuncia presentado.

Segundo.- Comunicar o presente acordo á Xunta Electoral Central ao obxecto de que se proceda ao relevo da Sra. concelleira citado conforme ao disposto na Lei Orgánica de Réxime Electoral Xeral, debendo para estes efectos expedir e remitir a esta Corporación a credencial acreditativa da condición de electo a favor do candidato/a ao que corresponda cubrir a vacante producida.

Terceiro.- Indicar á Xunta Electoral Central que, a xuízo desta Corporación, a

candidata que debe cubrir a vacante producida é D<sup>a</sup>. Alexia María Alonso Alonso, DNI núm. 39.455.231-L, co número 16 da candidatura electoral presentada polo Partido Popular ás últimas eleccións municipais.

Cuarto.- Remitir urxentemente certificación do presente acordo á Xunta Electoral Central para os efectos de que ese órgano electoral teña coñecemento desta circunstancia e actúe en consecuencia.

*Sendo as nove horas e quince minutos a Sra. Larriba Leira abandona a sesión do Pleno da Corporación.*

### **CUESTIÓN DE ORDE**

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, ten a palabra para unha cuestión de orde.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Unha cuestión de orde que queremos presentar dende o BNG antes de iniciar este Pleno e por suposto tamén vai a nosa felicitación á Sra. Larriba e o noso desexo de sorte no seu futuro político e persoal.

Antes de empezar o Pleno, Sr. Alcalde, queremos manifestar a nosa máis enérxica protesta polo que ten acontecido na anterior Xunta de Voceiros e polo que coidamos é un ataque frontal á democracia participativa neste Concello. Queremos poñer, e que conste en acta, a nosa máis enérxica protesta porque se presentaron en tempo e hora tres pedimentos de intervención no Pleno municipal tal e como contempla o Regulamento de Participación Cidadá e por unha decisión absolutamente unilateral de seu, que é quen ten a potestade de introducir ou non na orde do día estas intervencións, hoxe tres colectivos da cidade se van ver privados de poder manifestar diante desta Corporación municipal e diante da cidadanía as súas cuestións.

Ademais nos parece máis grave aínda cando hai unha maioría desta Corporación, que é a maioría dos cidadáns vigueses e viguesas, que na Xunta de Voceiros ten manifestado estar a favor de que estes tres colectivos se poidan manifestar en Pleno. Déusenos unha argumentación que está absolutamente fóra de lugar

porque o Regulamento de Participación Cidadá di moi claro no artigo 38 que “...calquera entidade inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións poderá manifestar a súa opinión sobre temas de especial transcendencia das sesións do Pleno da Corporación”, e as tres que o solicitaron estano: A Asociación de Xubilados Vilagarcía, a Asociación veciñal de Lavadores e a CIG como sindicato están rexistradas no Rexistro Municipal de Asociacións.

Parece ser que é unha decisión unilateral manifestar que o que hoxe nos viñan dicir estas tres asociacións non ten especial transcendencia. Eu quero lembrar que ata o día de hoxe o Colexio Altamar, a ANPA do Colexio Santa Rita, as traballadoras da limpeza de colexios públicos, a Asociación veciñal Pontenova-Freixeiro, os traballadores de POVISA e outra volta o Comité de Empresa de LINORSA interviñeron neste Pleno.

Se estes eran temas de especial interese e así o valoramos todos, por que agora se decide unilateralmente que nin o que está a acontecer na Asociación veciñal, nin o que está a acontecer con traballadores e traballadoras desta cidade que ven perigar os seus postos de traballo, por que se decide unilateralmente pola Presidencia deste Pleno que iso non é de interese xeral?

Para nós si o é e repito que é un ataque frontal á democracia participativa deste Concello que o BNG criticará sempre que se produza.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, abriuse un debate e nós tamén queremos intervir.

A PRESIDENCIA: Non hai debate neste momento. Presentouse unha cuestión de orde e fíxose unha intervención. O debate corresponde doutra forma e noutro momento, Sr. Figueroa.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde para falar do que aconteceu na Xunta de Voceiros.

O que ven de explicar o Sr. Domínguez Olveira é totalmente certo. Queremos ratificar, corroborar as súas verbas no sentido de que na Xunta de Voceiros houbo unha proposta tanto do BNG como do Partido Popular para que os tres colectivos pendentos de intervir e que solicitaron a súa intervención no Pleno,

puideran facelo como ata agora aconteceu nos últimos plenos e sobre todo dende a aprobación do Regulamento de Participación deste Concello.

Coido que todos os corporativos saben, senón llo explicarei, que no anterior mandato o Grupo municipal do Partido Popular por motivo parecido, por non deixar intervir a algúns grupos, tomou a decisión de non participar durante os últimos meses na Xunta de Voceiros. É dicir, o Grupo municipal do Partido Popular non acudía á Xunta de Voceiros como protesta porque nela se tomaban decisións que despois non servían absolutamente para nada. Tomábanse esas decisións e o alcalde non as apoiaba.

A partir do novo mandato decidimos seguir participando pero tamén volvemos cuestionar a nosa participación na Xunta de Voceiros porque, se se toman decisións que logo non son apoiadas ou ratificadas polo alcalde, evidentemente a nosa reflexión é, para que imos a esa Xunta de Voceiros?

Pedimos polo tanto, e imos solicitalo por escrito para incluílo na orde do día da próxima Xunta de Voceiros, que estes tres grupos que solicitaron intervir no Pleno o poidan facer como así o marca o Regulamento de Participación Cidadá deste Concello. De non suceder isto volveríamos pensar o noso futuro nesa Xunta de Voceiros.

A PRESIDENCIA: Debo dicir que a decisión se toma logo do informe do secretario do Pleno do Concello sobre as circunstancias técnicas e xurídicas e con respecto ao cumprimento ou incumprimento do Regulamento de Participación Cidadá. Polo tanto, logo do seu informe oral á Xunta de Voceiros, na que o alcalde non está presente e da que non forma parte, con respecto á súa conveniencia e ao seu interese xeral en termos do que se entende por parte do secretario que é a presenza neste Pleno.

En todo caso estaremos na disposición de considerar calquera cuestión que presenten os dous grupos da oposición.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, a que se toma aquí é unha decisión política e non estamos dispostos a aceptar que sexa unha decisión dun secretario do Pleno. Acabo de ler o Regulamento de Participación Cidadá, os tres colectivos están inscritos no Rexistro Municipal e a nós e á maioría deste Pleno nos parecía

de interese o que aquí nos querían dicir. Polo tanto é única e exclusivamente unha decisión política a de que hoxe non interveñan os tres colectivos.

Non podemos para unhas veces ampararnos no secretario e no Regulamento e outras precisamente ampararnos no mesmo para non cumprir ese propio Regulamento.

A PRESIDENCIA: Debo dicir, Sr. Domínguez Olveira, que eu sempre sigo as indicacións do secretario. Nin unha soa vez ata o de agora houbo unha indicación da secretaria ou secretario deste Pleno que o alcalde non seguira. Vostede é libre de facer a interpretación que desexe pero isto forma parte da atención aos ditames que emite o secretario do Pleno.

## **2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.**

2.1.- (277) DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CO GALLO DA CELEBRACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO, “DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES”. EXPTE. 350/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 15 de novembro de 2011, a concellería de Igualdade presenta proposta de texto para Declaración Institucional do Concello de Vigo en relación coa celebración do “Día internacional da eliminación da violencia contra as mulleres”.

O devandito texto foi elaborado polo Consello Municipal da Muller que, na súa sesión ordinaria do 19 de outubro, acordou designar a dona Ángeles Arias Miño, representante da secretaría da muller de UGT e membro do citado Consello, para darlle lectura perante o Pleno da Corporación.

O texto elaborado polo Consello Municipal da Muller di o que segue:

“O machismo mata”

As mulleres que formamos parte do consello municipal somos conscientes de que a nosa loita en defensa do longo camiño pola igualdade está custándonos un alto prezo. Pertencemos a diferentes organismos, asociacións e profesións e temos

diversidade de opinións, mais caracterizámonos pola nosa capacidade de diálogo e traballo en prol da igualdade.

O movemento feminista na nosa cidade é un claro exemplo para o resto da Comunidade Galega; somos pioneiras na reivindicación dos dereitos das mulleres. Preocúpanos a todas e ocúpanos a manifestación máis grave da desigualdade que é a violencia machista.

Desde o ano 2003 as estatísticas dinnos que xa van máis de seiscentas mulleres asasinadas, todas elas vítimas do terrorismo machista.

Por estas datas, todos os anos conmemoramos o Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres.

É certo que se aprobaron no noso país leis moi importantes para avanzar no eido da igualdade: a lei contra a violencia machista, a lei de igualdade entre mulleres e homes, a lei do dereito o aborto... Saltos cualitativos pero insuficientes.

Moi ao noso pesar seguimos tendo discriminacións por razóns de xénero no ámbito laboral, social, económico e político. As mulleres concienciadas do noso papel na sociedade, preguntámonos por que temos que pagar tan alto prezo para gozar da nosa independencia, por querer ser donas dos nosos proxectos de vida, por participar activamente na vida social e política, por querer ser visibles.

A violencia de xénero segue a ser o maior obstáculo para a igualdade. Os agresores teñen un obxectivo claro: conseguen destruír, atemorizar, paralizar. Preguntámonos que é o que a sociedade está a facer mal para que siga habendo tantas vítimas.

Desde o Consello Municipal da Muller formulamos o seguinte:

- Que non nos basta un minuto de silencio cada vez que hai unha vítima da violencia de xénero.
- Que as administracións se comprometan na prioridade da atención ás necesidades das mulleres que sofren maltrato, discriminación, desigualdade na sociedade e de forma continuada.
- Que as administracións traballen en colaboración, en equipo e democraticamente, tendo como colaboradora á sociedade implicada na problemática da violencia machista: asociacións e organismos.
- Que as administracións lles esixan a formación necesaria a aquelas persoas que teñan que atender ás vítimas: sanidade, xustiza, benestar social, educación.
- Que as administracións melloren os mecanismos de coordinación entre xulgados, policía, servizos sociais.
- Que os medios de comunicación se impliquen no tratamento axeitado da



información sobre a violencia, evitando valoración subxectivas, frases feitas, opinións de persoas alleas.

- Que todas e todos utilicen a linguaxe de forma rigorosa para visibilizar a problemática da violencia machista.

Solicitámoslle ao Concello de Vigo:

1.- Que achegue os medios humanos, os recursos económicos e materiais necesarios para facer políticas de igualdade.

2.- O compromiso prioritario de traballar na prevención do maltrato, da discriminación e da violencia.

3.- O recoñecemento do traballo feito polas diferentes organizacións feministas ao longo destes anos, levantando a súa voz e tratando de facer visible este terrorismo que tanto nos afecta como persoas.

*Dona Ángeles Arias Miño, do Consello Municipal da Muller, da lectura ao texto da declaración institución transcrito anteriormente.*

*A anterior declaración institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.*

### **3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:**

#### ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN

3.1.- (278) CRÉDITO EXTRAORDINARIO NÚM. 89/2011, PARA EXECUCIÓN DE SENTENZA 176, DO 15 DE XULLO DE 2007, DITADA POLO XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NÚM. 1 DOS DE VIGO (PAIVA PARADA) E AUTO DO MESMO XULGADO DO 18 DE OUTUBRO DE 2011. EXPTE. 1160/440.

ANTECEDENTES.- Con data 22 de novembro de 2011, a concelleira delegada de Economía e Facenda formula o seguinte informe-proposta:

“No Recurso Contencioso Administrativo, procedemento ordinario nº 222/2004, seguido a instancia de D. Antonio Paiva Parada, D. Fernando Paiva Parada e dona

-----  
S. Ordinaria 28.11.11

María Teresa Paiva Parada, polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, ditouse a Sentenza nº 176 de data 30 de xullo de 2007, que estimaba parcialmente o recurso contencioso contra a desestimación presunta formulada ante o Concello de Vigo, para a execución e cumprimento da adxudicación do volume de edificación no proxecto de compensación do estudo de detalle do polígono entre a rúa López Mora e camiño de Seara incluído na unidade de actuación Nebrija en correspondencia coa parcela entregada polos recorrentes. A cantidade fixada como indemnización é de 989.801,68 euros, coa aplicación dos xuros legais, sendo a petición de indemnización de 2.910.741,90 euros máis xuros legais.

En sentenza nº 876 do 17 de setembro de 2009, o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, desestimou a apelación presentada e mantivo o pronunciamento do Xulgado do Contencioso Administrativo núm. 1 de Vigo.

O Auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo de data 18 de outubro de 2011, ordena se proceda á inmediata execución da sentenza en relación co RCA 222/2004 e a sentenza 176/2007.

En canto á data para o cálculo dos xuros, o Xulgado estima como data de inicio o 29 de abril de 1993, data de aprobación definitivo do PXOM de 1993.

Ao obxecto de artellar os procedementos orzamentarios necesarios para dar cobertura ao cumprimento da sentenza de indemnización pola ocupación de bens da propiedade de PAIVA PARADA ditada polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, iniciouse o expediente de incoación dunha modificación orzamentaria (Crédito extraordinario).

#### EXPEDIENTE QUE SE TRAMITA

En execución do Decreto do Sr. Alcalde-Presidente do 10 de novembro de 2011, instrumentouse o expediente de modificación orzamentaria nº (89/2011 ), que está conformado da seguinte documentación xustificativa: documentación relacionada co asunto (auto, sentenza, escritos, etc) e Resolución da Alcaldía Presidencia, na que se xustifica a inaprazabilidade do gasto que hai que acometer para poñer fin ao devengo de xuros de demora e polo tanto un prexuízo para os intereses públicos. A devandita Resolución declara de urxencia a tramitación do expediente, xustificando o procedemento nos prexuízos polo devengo de xuros de demora.

Á vista da documentación, para que prosiga a tramitación e conclusión do expediente, en cumprimento do previsto no art.123.h da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e art. 177.1 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, previo informe do Sr. Interventor Xeral Municipal, formulase ao Pleno da Corporación, previo ditame da comisión informativa, a adopción do seguinte:..."

Deseguido a concelleira delegada de Economía e Facenda formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, na mesma data do 22 de novembro, emite o seguinte informe:

“Recíbese o día 22 de novembro de 2011 nesta Intervención Xeral o expediente arriba referenciado, solicitando o concelleiro da área de Fomento a esta Intervención Xeral a emisión do correspondente informe de fiscalización á maior brevidade posible; polo que, coas limitacións derivadas do escaso tempo dispoñible na análise do contido do expediente en relación coa magnitude das obrigas económicas ás que se pretende facer fronte, ao abeiro do artigo 214 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, emítense o seguinte informe:

#### ANTECEDENTES

A orixe do procedemento xudicial ten o seu inicio no Recurso Contencioso Administrativo nº 222/2004 contra a desestimación presunta da solicitude formulada por D. Antonio Gumersindo Paiva Parada, D. Fernando Paiva Parada e D<sup>a</sup> María Teresa Paiva Parada (en adiante os recorrentes), para a execución e cumprimento da adxudicación de volume edificable sinalado no apartado de adxudicacións do proxecto de compensación formalizado en escritura pública autorizada o 19.11.1990 (correspondente ao ámbito do estudo do polígono comprendido entre López Mora e o camiño da Seara, incluído na unidade de actuación Nebrija do planeamento vixente), en correspondencia coa parcela de orixe letra H aportada polos recorrentes as citadas operacións compensatorias.

No fallo da sentenza nº 176 de data 30/07/2007 ditada polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, estimouse parcialmente o recurso presentado, condenándose ao Concello de Vigo a aboar aos recorrentes en concepto de indemnización a cantidade de 989.801,68 euros, con aplicación dos intereses legais correspondentes desde a data na que debeu cumprirse coa adxudicación do volume edificable prometido aos recorrentes polo Concello.

Este pronunciamento foi mantido polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Sala do contencioso-administrativo, Sección 2, na súa sentenza nº 876, do 17/09/2009 que desestimou o recurso de apelación presentado ao efecto, impondo á parte apelante -esta Administración local-, as costas da apelación. Esta resolución xudicial de carácter firme, foi notificada ao Concello de Vigo o 28 de setembro de 2009.

Tras ser promovido incidente de execución de sentenza, finalmente o órgano xurisdiccional ditou auto de data 18 de outubro do 2011, por medio do cal dispón, entre outras cuestións, que os intereses moratorios da débeda principal (989.801,68 euros) se computarán desde o 29 de abril de 1993 (data de aprobación definitiva do PXOM de 1993) ata a data na que teña lugar o efectivo

pagamento.

A Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 18/11/2011 presta a súa conformidade coas actuacións incluídas no escrito da Asesoría Xurídica de data 26/10/2011, aos efectos de levar a cabo os procedementos administrativos executorios do xudicialmente resolto.

CONTÍA INDEMNIZABLE.

No expediente que se tramita a contía indemnizable cifrase en 2.017.697,17 euros, co seguinte desglose:

	<u>Importe (euros)</u>
Valor do aproveitamento urbanístico	989.801,68 €
Xuros legais do aproveitamento	<u>1.027.895,49 €</u>
	2.017.697,17 €

En relación cos xuros, incorpórase ao expediente o informe do xefe dos Servizos Centrais de Urbanismo de data 22 de novembro de 2011, no que se cifra o citado importe en 1.027.895,49 euros. No dito cálculo considerase como "*dies a quen*" do devengo do intereses a data do 30 de decembro de 2011, e dicir, estímase que a data efectiva de pagamento será antes do citado día 30.

EXPEDIENTE

Como xa se indicou, o 22 de novembro tivo entrada nesta Intervención Xeral o expediente que regula unha modificación dos orzamentos vixentes (Crédito extraordinario) tramitada pola concellaría de Fomento para facer fronte á indemnización que se corresponde coa sentenza nº 176/2007, sentenza de apelación nº 876/2009 e auto do Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 do 18 de outubro de 2011.

O expediente confórmano a documentación relacionada co asunto (autos, sentenza, escritos, etc), e ademais:

- Acordo da Xunta de Goberno Local do 18 de novembro de 2011
- Memoria de data 21 de novembro de 2011, subscrita polo xefe da área de Fomento e o concelleiro da área
- Decreto da Alcaldía-Presidencia de data 21 de novembro de 2011 resolvendo a incoación con carácter de urxencia do presente expediente de modificación orzamentaria, aos efectos de evitar unha maior carga financeira polo devengo de xuros legais.
- Informe de data 21 de novembro de 2011, subscrito polo xefe da área de Fomento, o concelleiro da área de Fomento e a concelleira de de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos,
- Informe-proposta da concelleira de Economía e Facenda de data 21 de novembro de 2011.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

-----  
S. Ordinaria 28.11.11

En relación co cumprimento da sentenza:

O artigo 106 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, establece que, cando a administración fose condenada ao pagamento de cantidade líquida, o órgano encargado do seu cumprimento acordará o pagamento con cargo ao crédito correspondente do seu orzamento que terá sempre a consideración de ampliable. Se para o pagamento fose necesario realizar unha modificación orzamentaria, deberá concluírse o procedemento correspondente dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución xudicial.

Á cantidade a que se refire o apartado anterior engadiráselle o xuro legal do diñeiro, calculado desde a data de notificación da sentenza ditada en única ou primeira instancia.

Na mesma liña, o artigo 173.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, establece que a autoridade administrativa encargada da execución acordará o pagamento na forma e cos límites do respectivo orzamento. Se para o pagamento fose necesario un crédito extraordinario ou un suplemento de crédito, deberá solicitarse ao Pleno un ou outro dentro dos tres meses seguintes ao día da notificación da resolución xudicial.

De acordo co artigo 104.1 da Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa (LXCA), a notificación da resolución firme a esta administración municipal obrígalle a practicar todas as actuacións precisas para facer efectivo o cumprimento íntegro da sentenza.

O artigo 112 da Lei 29/1998, establece que transcorridos os prazos sinalados para o total cumprimento do fallo, o xuíz ou o tribunal adoptará, previa audiencia das partes, as medidas necesarias para lograr a efectividade do mandado.

Singularmente, acreditada a responsabilidade, previo apercibimento do secretario xudicial notificado persoalmente para a formulación de alegacións, o xuíz ou a Sala poderán:

- Impoñer multas coercitivas de cento cincuenta a mil cincocentos euros as autoridades, funcionarios ou axentes que incumpran os requirimentos do Xulgado ou da Sala, así como reiterar estas multas ata a completa execución do fallo xudicial, sen prexuízo doutras responsabilidades patrimoniais a que houbese lugar.
- Deducir a oportuna testemuña de particulares para esixir a responsabilidade penal que puidese corresponder.

En relación coa modificación orzamentaria que se propón:

O art. 177 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRFL), no seu apartado primeiro, prevé a posibilidade de que cando sexa necesario realizar algún gasto

que non poida demorarse ata o exercicio seguinte e non exista no presuposto da corporación crédito ou este sexa insuficiente ou non ampliable o consignado, o presidente da Corporación ordenará a incoación do expediente de concesión de crédito extraordinario, no primeiro caso, ou de suplemento de crédito, no segundo. Así mesmo a tramitación dos créditos extraordinarios e suplementos de crédito regúlanse no artigo 36 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril e na base 8ª das de execución do orzamento vixente.

O expediente que se está a tramitar prevé a asignación de crédito para a realización de gastos para os que non existe crédito no presuposto, polo que estamos ante unha modificación orzamentaria cualificada como Crédito extraordinario.

A xustificación ou motivación da modificación de presupostos á que fai referencia o art. 177.1 do TRLRFL, atópase na propia sentenza e na resolución da Presidencia aos efectos de dar cumprimento ao fallo xudicial e evitar maiores custos para as arcas públicas como consecuencia dos xuros que se están a devengar.

En cumprimento do previsto no art. 177.4 do TRLRFL, as partidas que son obxecto das aplicacións e orixes dos recursos, atendendo á resolución da Alcaldía-Presidencia de data 21 de novembro, son as seguintes:

Aplicación/ Concepto	Proxecto	Concepto	Aplicación dos fondos		Orixe dos fondos	
			Inicial	Aumento	Baixa	Definitivo
1510.600000 2	1115100 2	Indemnización PAIVA PARADA		2.017.697, 17		
0110.310010 0		Xuros de préstamo ano 2010	255.000,0 0		69.636,77	185.363, 23
1610.600000 0	1161000 0	1ª anualidade nova EDAR	1.905.040, 00		1.905.040,0 0	
1710.619001 0	1117101 0	Axardinamento alameda Navia	60.000,00		43.020,40 €	16.979,6 0
Total orixes e aplicacións				2.017.697, 17	2.017.697,1 7	

Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (Crédito extraordinario) por un importe de 2.017.697,17 euros, teñen o seu orixe en baixas doutras aplicacións.

En relación coas baixas por anulación, obsérvase o cumprimento do previsto no artigo 50 do RD 500/1990 no relativo a que as baixas en cada aplicación contable non superan a contía correspondente ao saldo de crédito, tras constarse que non existen créditos retidos, autorizados ou comprometidos con cargo ás mesmas.

Doutra banda, tendo en conta que os importes da modificación de crédito proposta e a suma dos recursos financeiros utilizados son coincidentes, mantense o equilibrio orzamentario que require o artigo 16.2 do Real Decreto

500/1990, de 20 de abril.

#### ESTABILIDADE PRESUPOSTARIA.

Ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 165 do TRLFL e ao contido do art. 4 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais e ao capítulo III do Real Decreto Lexislativo 2/2007, do 28 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral de Estabilidade Presupostaria, as entidades locais, aprobarán, executarán e liquidarán os seus presupostos axustándose ao principio de estabilidade presupostaria. Entenderase que se deberá axustar ao principio de estabilidade presupostaria calquera alteración dos presupostos definitivamente aprobados.

Se ben o artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007 establece que o informe sobre a estabilidade presupostaria se emitirá de forma independente, incorpórase no presente epígrafe a avaliación do seu cumprimento.

Así, indicar que o financiamento da presente modificación non xera desestabilidade, xa que como tanto a aplicación que é obxecto de incremento (capítulo VI do estado de gastos), como a aplicación á baixa (capítulo III e VI) ten a consideración de operacións non financeiras, polo que non procede realizar axuste ningún.

#### TRAMITACIÓN

Unha vez aprobada inicialmente a modificación presupostaria polo Pleno, en cumprimento do previsto no art. 169 do TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, logo do seu anuncio no Boletín Oficial de Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados porán examinalo e interpor reclamacións.

De non se presentar reclamación ningunha no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

De presentarse reclamacións, estas serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das reclamacións así como a aprobación definitiva da modificación presupostaria ao citado órgano.

Conforme ao previsto no artigo 29.2 do Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, do 12 de decembro, de Estabilidade Presupostaria, na súa aplicación ás entidades locais, da presente modificación deberá darse conta á Dirección Xeral de Coordinación Financeira coas Entidades Locais no prazo máximo de 15 días hábiles desde a súa aprobación.

## CONCLUSIÓN

O presente expediente de modificación dos orzamentos nº 89/2011, por un importe de 2.017.697,17 euros, axústase no seu contido ao previsto no TRLRFL, no Real Decreto 1463/2007 e no Real Decreto Legislativo 2/2007, sendo os órganos, tanto o propoñente como o que debe adoptar a resolución, os competentes de acordo ao previsto na Lei 7/1985, do 2 de abril, como as delegacións de competencias vixentes, polo que esta Intervención Xeral Municipal a informa favorablemente, sen prexuízo de que en ningún caso se valora a incidencia que a modificación orzamentaria que se tramita poida ter na consecución dos obxectivos fixados no orzamento.

Finalmente indicar que por parte de esta Intervención Xeral dáse observancia ao carácter de urxencia na tramitación do expediente, que se deriva do Decreto de incoación da Alcaldía de data 21 de novembro de 2011, mediante o cumprimento do establecido no artigo 50 en relación co artigo 83.2 ambos da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.”

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do día 22 de novembro, por maioría, ditaminou favorablemente a proposta transcrita anteriormente.

Incluído o presente expediente na orde do día do Pleno extraordinario e urxente convocado pola Alcaldía-Presidencia para ter o lugar o día 23 de novembro, non foi sometido a votación ao non se ter aprobada a urxencia da sesión segundo figura na certificación que consta no expediente.

DEBATE.- SR. REGADES FERNÁNDEZ: Señores do Partido Popular, que lles fixemos as viguesas e os vigueses para que nos traten desta forma? Para que nos fagan unha proposta que quere crebar as arcas municipais, o noso orzamento, que quere crebar as nosas políticas de emprego, as políticas para os nosos maiores, os investimentos na cidade, as bolsas dos nosos cativos? Como propoñen que paguemos a sentenza de Nebrija con remanentes de Tesourería? Iso produciría un desequilibrio financeiro que levaría a crebar este Concello, un dos concellos que nestes momentos se atopa nos mellores rankings de solvencia de toda España. Por que nos queren facer isto á cidade?

Que significa facer o pagamento con remanentes de tesourería? Cando utilizamos este método para o pagamento doutras sentenzas, a Intervención Xeral deste Concello nos dicía: “Así indicar que finalmente a presente modificación, é dicir a



modificación orzamentaria proxectada, provoca un desequilibrio en termos de estabilidade orzamentaria polo importe do remanente de tesourería que se pretende utilizar, o que ten como consecuencia o incumprimento do obxectivo de estabilidade e a obriga de facer un novo plan económico-financeiro”.

Nesta ocasión a Intervención Xeral deste Concello nos di: “Así indicar que o financiamento da presente modificación non xera desestabilidade”. Repítolles, señores do Partido Popular, a proposta que hoxe o goberno trae a esta sala non provoca, non xera desestabilidade, xa que logo a aplicación deste obxecto non ten incremento como aplicación nas baixas nos Capítulos III e VI, ten a consideración dunha operación non financeira polo que se procede a realizar un sinxelo axuste.

Esa é a diferenza entre o que propón o goberno da cidade, o Partido Socialista, aos vigueses e as viguesas e o que propón o Partido Popular que traería desequilibrio.

Permítanme traer parte das contas do Concello de Vigo. As obrigas que nestes momentos ten o Concello de Vigo son por 193.000 euros, o que significa que nestes momentos atopámonos con 194.000 euros en ingresos e significa que se vostedes nos fan meter dous millóns de euros en remanentes de tesourería, como saben entraríamos en desequilibrio financeiro, pasaríamos de seren unha das grandes cidades de España a nivel financeiro, exemplo que usan todas as economías galegas e españolas no tema de financiamento, a seren unha das peores, teríamos que facer un plan económico financeiro e pasaríamos a non ter independencia financeira neste Pleno, pasaríamos a seren tutelados pola Xunta de Galicia. Por que lles queren facer isto aos vigueses e viguesas?

Como dicíamos antes, ter paralizados os orzamentos, os investimentos, suporía ter paralizadas as axudas e as nosas políticas de emprego, axudas aos noso maiores, as bolsas para os nosos cativos, os investimentos na nosa cidade. Señores do Partido Popular, por que nos propoñen esta temeridade para o Concello de Vigo.

Señores do PP, crían que o goberno non se decataría desta trampa que nos querían tender? Cren que os servizos de contabilidade e fiscalización non nos avisarían desta situación? Cren que non temos as contas o suficientemente claras como para non nos decatar deste engano que lle queren facer á cidade?

Non sei por que lle queren facer este dano á cidade cando despois defenden que son concelleiros desta cidade e que loitan e traballan por ela. Non usen os seus pensamentos para lle facer falcatruadas á nosa cidade, para querer tender trampas á nosa cidade, aos vigueses e ás viguesas, porque o goberno de Vigo estará sempre atento e non lles vai consentir ningún agravio aos vigueses e ás viguesas nin á cidade de Vigo. Como loitamos por esta cidade e polo noso tampouco lles imos consentir que cuestionen a nova estación do AVE e que nos digan que é unha estación que non se merece a cidade porque si a merece e teremos os recursos para a facer.

Tampouco lles imos consentir o que cuestionaban estes días, que non farían a ampliación de Rande se non se facían os enlaces de Santiago, Ferrol e A Coruña. Non llo imos consentir.

SRA. VELOSO RÍOS: Vemos que este punto ven por segunda vez a este Pleno e novamente no debate volvemos falar doutras cousas, dende logo nada que ver co punto que aparece na orde do día “Crédito extraordinario para execución de Sentenza...”, senón que falamos doutras cousas. Supoño que iso explica que debatendo unha modificación orzamentaria, quen interveña por segunda vez sexa o concelleiro de Fomento e non a concelleira de Economía e Facenda.

Pero nós estamos aquí para falar do crédito extraordinario, hai que facer unha modificación orzamentaria para pagar unha sentenza. O Bloque Nacionalista mantén a súa posición de responsabilidade e asume que hai unha sentenza que hai que pagar e que non podemos facer outra cousa que cumprir coa legalidade pero evidentemente nós xa manifestamos que o que non nos gusta, o que non estamos dispostos a permitir, é que aproveitando esta realidade, esta certeza de que temos que pagar unha sentenza, aquí haxa un goberno que o que pretende é blindar o contrato a unha concesionaria que durante cinco anos vai penalizar á cidadanía e vaille facer pagar polo menos dúas veces os problemas de xestión que se están demostrando.

Logo dun debate que xa tivemos a pasada semana no que cada grupo municipal tivemos a oportunidade de expresar a nosa opinión sobre esta cuestión, agora o que queremos facer é presentar unha emenda de modificación desta proposta do goberno municipal que di textualmente: “Que se retire do citado expediente toda

alusión á prórroga da adxudicación á empresa concesionaria AQUALIA, aprobada na Xunta de Goberno Local o pasado 21 de novembro”. Explico esta proposta do Bloque Nacionalista Galego.

Neste expediente recóllese a posibilidade de facer unha modificación dos orzamentos dando de baixa determinadas partidas para dedicar os cartos que están nelas porque están sen executar para pagar a sentenza. Unha desas partidas efectivamente é o primeiro pagamento da nova EDAR que ascende a 1.905.000 euros. Esa partida non vai dar tempo executala, de aquí a 31 de decembro eses cartos non se van executar e vanse perder. Estamos de acordo en que se utilicen en pagar a sentenza pero iso non ten nada que ver con prorrogar un contrato con AQUALIA durante cinco anos nas condicións nas que se está propoñendo. O BNG non vai permitir que se nos obrigue a aprobar unha decisión que tomou este goberno en Xunta de Goberno coa escusa de que hai que pagar unha sentenza. Paguemos a sentenza pero non estamos dispostos a aprobar unha prórroga do contrato de AQUALIA nestas condicións e isto xa o expresamos. Pedimos que se retire do expediente toda alusión á prórroga do contrato de AQUALIA, é máis, insistimos na proposta que fixemos no pasado Pleno: traian a este Pleno a prórroga do contrato con AQUALIA, debatamos neste Pleno e atendamos á opinión dos representantes da cidadanía de Vigo. Traian esa prórroga a este Pleno e debatamos cuestións como a defensa do emprego, incluamos por exemplo un plan de emprego que obrigue á empresa a deixar de destruír empregos e que se repoñan os postos de traballo que se perdan porque nos últimos anos xa van cincuenta, por poñer un exemplo do que se pode modificar nunha concesión municipal.

Pero tamén podemos debater como se xestiona a auga nesta cidade, tamén podemos falar da municipalización do servizo da auga. Ese tema podémolo traer aquí, pero non utilicen o pagamento dunha sentenza para blindar un contrato en condicións desfavorables para a cidadanía. Iso si que non o imos permitir.

Estamos dispostos a aprobar a modificación orzamentaria que permita pagar esta sentenza urbanística sempre e cando se retire deste expediente toda alusión á prórroga da adxudicación á empresa concesionaria AQUALIA.

SRA. BRAVO BOSCH: A realidade é que non cambiou moito o fondo do asunto

dende o outro día a hoxe.

Coincidimos sobre todo no xeito da exposición, coa concelleira do BNG, Sra. Veloso, e o feito de que se traia hoxe este asunto no punto 3.1 da orde do día demostra que a característica de extraordinario e urxente do pasado Pleno estaba fóra de lugar. O feito de traelo hoxe aquí amosa que non había esa urxencia que se postulaba o outro día e polo tanto agora imos facer unha serie de precisións que serán reiterativas do que o outro día dicíamos.

Lémbrolle, Sr. Regades, que aos vigueses e ás viguesas non lles vai molestar ningún cambio que se poida facer no plano económico-financeiro deste Concello. O que si lles vai molestar é que lles suban o recibo da auga, vaille molestar profundamente a cada vigués que se lle suba moito o recibo da auga como consecuencia dunha prórroga que se vai facer precisamente con AQUALIA. Iso si que vai molestar e ademais individualmente e por iso non se lle debería facer a ningún vigués nin a ningunha viguesa. O resto realmente non ten ningún sentido. O que nós solicitamos vimos solicitándoo dende o ano 2010 cando xa solicitabamos que esas sentenzas que se prevían se recollesen en diferentes modificacións orzamentarias que presentamos e que o outro día xa fixen constar, para facer fronte ás posibles sentenzas.

Lembrámoslles que o Partido Popular está a favor, como non podía ser doutro xeito, de cumprir coas sentenzas e con todas as resolucións xudiciais firmes dos xuíces e dos tribunais. Sempre estivemos a favor de cumprir con todas as resolucións xudiciais, neste caso un Auto do Contencioso-Administrativo. Pero unha cousa é que esteamos de acordo e outra é que esteamos de acordo coa forma do levar a cabo.

Nós temos moi claro que cos intereses que se van ter que pagar logo de transcorrer tanto tempo, dende o ano 2009 que se puido facer efectivo o cumprimento da sentenza, poderíamos mesmo reducilles o recibo da auga aos vigueses e ás viguesas. Pode parecer un exercicio de demagogia pero é o que vostede fai acotío. O único que pedimos nós é que se recolla nos remanentes de tesourería para facer fronte a esta modificación orzamentaria.

Por se non nos dá tempo, lembro a emenda que o outro día postulamos e que non se aceptou e hoxe presentamos media hora antes deste Pleno pola que pedimos: "...aprobar a modificación orzamentaria por unha contía de 2.017.697

euros para facer fronte ao procedemento ordinario seguido a instancia de D. Antonio Paiva Parada, Fernando Paiva Parada, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Teresa Paiva Parada, polo Xulgado do Contencioso-Administrativo N<sup>o</sup> 1 de Vigo, a Sentenza N<sup>o</sup> 176 de data 30 de xullo de 2007 e Auto do Xulgado de data 18 de outubro de 2011, coas seguintes orixes e aplicacións de fondos...". Nós estimamos que os remanentes de tesourería poderían facer fronte a estes pagamentos e iso é o que nos interesa. Non facemos fincapé outra volta ao ano 2007 que é cando comeza todo este problema.

Por outra banda lémbrolle, Sr. Regades, que o outro día facía fincapé como sempre no feito de que o Partido Popular tiña calquera tipo de responsabilidade no ano 2004. Pois ben, na Xunta de Goberno Local do outro día eu non vin que fixeran ningún tipo de constancia con respecto á responsabilidade de ningún outro goberno anterior. Do único que se falou foi precisamente dos anos 1990, 1993, 2007 e 2009 e en ningunha das liñas das consideracións xurídicas e da proposta de resolución faise fincapé na responsabilidade do Partido Popular que xa dixemos o outro día que non temos nada que dicir. Lembrarlle ao goberno que precisamente é o goberno o que ten a responsabilidade do Concello de Vigo de facer fronte ao cumprimento desta sentenza.

Insistimos en que é importante que se acepte a nosa emenda. Nós estamos polo labor de pagar, de responder á administración de xustiza que nos pide que se faga fronte ao cumprimento desta sentenza, pero deixando claro que precisamente e por un principio de responsabilidade, queremos que se cumpra deste xeito. Ademais en todos os informes de Intervención sempre se di que o Concello de Vigo ten fondos de abondo para facer fronte a calquera responsabilidade. Se falamos moitas veces deste gran equilibrio e destas contas que ten o Concello de Vigo, por que non pode facer fronte ao cumprimento desta sentenza deste xeito?

SR. REGADES FERNÁNDEZ: No Pleno pasado explicábamnos aos señores do Partido Popular a importancia que tiña levar ese día a modificación orzamentaria porque, como vostedes saben señores do Partido Popular, temos unha semana para publicar no Boletín Oficial da Provincia, unha semana que é a media de publicación nese boletín, quince días de exposición, unha semana para contestar

ás alegacións e unha semana para a publicación definitiva. Todos os orzamentos que queiramos exercitar neste mandato teñen que seren publicados antes do 30 de decembro e a exposición que aquí acabamos de facer e que xa fixemos o outro día, é de cinco semanas. Nós vemos moi complicado ter aprobada e publicada antes do día 30 esta modificación e por iso a nosa responsabilidade nos facía traela o mes pasado.

O outro día tamén lles dicíamos con toda a coherencia e con toda a razón que non imos subir o recibo da auga, como tampouco imos tramitar a subida da auga nin o goberno de Vigo vai tramitar a suba que quere facer coa nova Lei da auga o Partido Popular. Se lles queren cobrar máis aos vigueses e ás viguesas farano vostedes directamente dende a Xunta. Nun momento de crise como no que nos atopamos fan leis de tolos, leis para encarecer a vida dos nosos cidadáns. Nós non imos ser cómplices diso.

Xa lles dixen o outro día cando comeza a sentenza, lean o Auto: “O contencioso contra a desestimación presunta da solicitude formulada polos autores ao Concello o día 28.05.04”. O responsable de Urbanismo ese día era o Sr. Figueroa e nesta cidade gobernaba neses momentos o Partido Popular. O responsable de ter que pagar hoxe dous millóns de euros é o Partido Popular. Isto é o que di o Auto, Sr. Bernárdez, vostede sábeo porque tamén estaba nese goberno. Por iso non imos permitir a emenda á moción que presentan hoxe porque non queremos prexudicar a esta cidade.

Señores do Bloque Nacionalista, admitimos a súa proposta e entendemos o seu espírito de responsabilidade coa cidade. Acatan a lei e as decisións que se toman e sobre todo traballan para os veciños e veciñas, para que non se encareza esta sanción. Polo tanto retiramos da nosa proposta a xustificación onde dicíamos: “xa que a primeira anualidade vai facer fronte aos compromisos dos terreos da nova EDAR que van ao cargo da concesionaria do servizo de saneamento e abastecemento da auga, segundo a Xunta de Goberno Local...”

A PRESIDENCIA: Temos dúas emendas. A do Partido Popular non se admite a trámite; a do Bloque Nacionalista si e polo tanto procedemos primeiro á votación desta última nos termos na que se formulou.

Emenda formulada en escrito de data 25.11.11, polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

Que se retire do citado expediente toda alusión á prórroga da adxudicación á empresa concesionaria AQUALIA, aprobada na Xunta de Goberno Local o pasado 21 de novembro.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego)

VOTACIÓN DA EMENDA FORMULADA POLO VOCEIRO DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a emenda formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, co texto que se transcribe anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 89/2011 por unha contía de 2.017.697,17 euros, para facer fronte ao procedemento ordinario nº 222/2004, seguido a instancia de D. Antonio Paiva Parada, D. Fernando Paiva Parada e dona María Teresa Paiva Parada, polo Xulgado Contencioso Administrativo nº 1 de Vigo, á sentenza nº 176 de data 30 de xullo de 2007 e auto do Xulgado de data 18 de outubro de 2011.

Segundo.- A modificación orzamentaria financiarase con baixas por anulación nas aplicacións que máis abaixo se relacionan que proceden do préstamo concertado no ano 2011 para financiar parte do plan de investimentos, e o resto,

ata a contía total, con cargo ás dotacións previstas no orzamento do ano 2011 para o pagamento de xuros pola débeda financeira, que se consideran reducibles, por se tratar dunha aplicación cuxa dotación estaba prevista para pagar os xuros do préstamo concertado no ano 2010 pero que non devengou carga ningunha a esta data, e a que devengue, resultará máis pequena ca dotación orzamentaria.

Terceiro.- En cumprimento do previsto no art. 177.4 del TRLRFL, os orixes e aplicacións de fondos que conforman a modificación orzamentaria son os seguintes:

Aplicación/ Concepto	Proxecto	Concepto	Aplicación dos fondos		Orixe dos fondos	
			Inicial	Aumento	Baixa	Definitivo
1510.6000002	11151002	Indemnización PAIVA PARADA	0,00	2.017.697,17		
0110.3100100		Xuros préstamo ano 2010	255.000,00		69.636,77	185.363,23
1610.6000000	11610000	1ª anualidade nova EDAR	1.905.040,00		1.905.040,00	0,00
1710.619.0010	11171010	Axardinamento Alameda de Navia	60.000,00		43.020,40	16.979,60
Total orixes e aplicacións				2.017.697,17	2.017.697,17	

Cuarto.- Os recursos que financiarán a modificación orzamentaria (Crédito extraordinario) por un importe de 2.017.697,17 euros, teñen a súa orixe en baixas doutras aplicacións pola contía total, sendo reducibles en todos os casos, xa que non existen créditos retidos, autorizados ou comprometidos con cargo ás devanditas aplicacións.

Quinto.- Unha vez aprobada inicialmente a modificación orzamentaria, en cumprimento do previsto no art. 169 del TRLRFL, o expediente someterase a exposición pública, previo anuncio no Boletín Oficial da Provincia, por un período de 15 días hábiles, durante os cales os interesados poderán interpoñer reclamacións.

Sexto.- De non se presentar reclamacións no citado prazo, o expediente entenderase definitivamente aprobado, elevándose a aprobación inicial a definitiva, procedéndose á súa publicación no BOP, sendo executivos os créditos a partir da súa publicación.

Sétimo.- De se presentar reclamacións, en cumprimento do regulamentado



no artigo 169 do TRLRFL, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación no prazo dun mes, sometendo a proposta de resolución das mesmas así como a aprobación definitiva da modificación orzamentaria ao citado órgano.

Oitavo.- Unha vez que os créditos sexan executivos, procederase a facer o pagamento de acordo co auto de data 18 de outubro de 2011

Noveno.- Unha vez que o Pleno da Corporación aprrobe a modificación orzamentaria, pola Asesoría Xurídica darase conta ao Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo do expediente de modificación orzamentaria para facer fronte ao pagamento que extinga a débeda.

3.2.- (279) INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE NO ORZAMENTO VIXENTE DO ORGANISMO AUTÓNOMO ESCOLA MUNICIPAL DE ARTES E OFICIOS. EXPTE. 348/1101.

ANTECEDENTES.- Con data 4 de novembro, o xefe do Servizo de Educación supervisor da EMAO, coa conformidade da presidenta da Escola Municipal de Artes e Oficios, formula o seguinte informe-proposta:

“A cantidade existente na partida 3241.1500000 (produtividade) é insuficiente para retribuír a actividade extraordinaria, o especial rendemento, a iniciativa e o interese con que determinado persoal da Escola desenvolve as funcións inherentes ao posto de traballo que desenvolve, especialmente no que se refire á súa adaptación funcional ao novo Plan de Normalización Curricular iniciado no ano 2008 e que actualmente está vixente coa aprobación consecutiva de modificacións ao mesmo nos anos 2009 e 2010.

Na disposición final segunda do “Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal municipal, aprobado para o período 1995-1997”, prevíase o compromiso de efectuar durante o ano 1997 unha recualificación dos postos de traballo do cadro municipal e a súa correspondente avaliación económica, co obxecto de ser aplicado o 1º de xaneiro de 1998.

Por diferentes motivos dita adecuación non se iniciou ata o ano 2005, iniciándose un proceso gradual de adecuación das retribucións do persoal municipal a demanda de servizos, dirixido a impulsar a modernización e mellora da prestación do servizo público e incrementar a produtividade, procedéndose ao reaxuste e ordenación das funcións a desempeñar polos postos dado o cambio

significativo que se ven producindo nos mesmos e modificándose consecuentemente as contías de determinados complementos retributivos. Dito proceso a aplicar ao longo de tres exercicios económicos non tivo continuidade nos anos 2006 e 2007 ao prorrogarse o orzamento aprobado para o ano 2005.

Nos anos 2008 e 2009 continuouse no Concello de Vigo coa adecuación de postos e en setembro de 2010 finalizouse o proceso de adaptación retributiva dos postos encadrados nos grupos A1 e A2 de titulación.

No organismo autónomo iniciouse este proceso de xeito específico ás características da Escola Municipal de Artes e Oficios, coa contratación no ano 2008 á empresa EOSA Estrategia y Organización S.A. da "Análise, descrición e valoración de postos de traballo", que, unha vez entregado, atópase pendente, tralos informes oportunos, de tramitación para a súa aprobación se procede. Neste estudo recóllese a adecuación retributiva dos postos existentes na EMAO ás novas condicións e funcións derivadas do proceso de reorganización administrativa e funcional derivada do Plan de Normalización Curricular (PNC) aprobado pola Xunta Reitora do organismo no ano 2008, xa que ditos postos foron obxecto de transformación nos seus contidos, tanto en termos cuantitativos como cualitativos, como consecuencia da implementación do PNC e os novos modelos de xestión e de docencia, sen que as súas retribucións se adecuaran ás funcións desempeñadas ata a data.

Sen embargo, no que respecta aos postos de ordenanza, de auxiliar administrativo e de técnico medio de Bibliotecas, xa foron equiparados no ano 2009 igualando as súas retribucións ás vixentes no Concello daquela. Con posterioridade a este ano, realizouse no Concello de Vigo a valoración dos postos do grupo A-2, resultando que o posto de técnico medio de bibliotecas ten -coas mesmas características e funcións- unha retribución do complemento específico maior no Concello que no organismo autónomo.

No que respecta ao resto dos postos actualmente ocupados fixos ou interinos (mestre de formación, mestre de oficios, técnico do conservatorio de música tradicional e profesor de linguas), non se ten realizado aínda a adaptación retributiva correspondente ás novas circunstancias, cuestión que terá lugar, se así finalmente se aproba, no momento en que se acorde a aprobación da valoración mencionada.

Estas circunstancias excepcionais xustifican a asignación dun complemento de produtividade pola especial adicación coa que veñen desempeñando as súas funcións que permiten sentar as bases para a reorganización e actualización dos servizos de cara a un maior aproveitamento dos recursos humanos e materiais xa que os empregados propostos cumpriron coas encomendas realizadas dentro dos planes de actuación e as instrucións recibidas pola presidenta do organismo autónomo, en canto á implantación e execución dos novos procesos e funcións derivadas do PNC, como son a impartición dalgunha das asignaturas complementarias, a realización de titorías e actividades de seminario, departamento e biblioteca.

Asemade, debe considerarse -con independencia do proceso de equiparación- un complemento de produtividade polo especial traballo e rendemento dos auxiliares administrativos adscritos á Unidade Administrativa da EMAO, no desenvolvemento dos novos aspectos de xestión e informáticos derivados da reorganización en marcha (elaboración de expedientes informatizados, sistemas electrónicos de matrícula e xestión do alumnado, xestión de provedores e subministros, apoio na xestión de persoal...). Esta nova especial adicación xa se recolle na proposta de valoración, pendente de trámite e aprobación, ao propoñer a amortización deste posto de auxiliar polo superior de administrativo, máis acorde coas funcións efectivamente desenvolvidas por estes traballadores. Como consecuencia do anteriormente exposto, na Xunta Reitora da Escola Municipal de Artes e Oficios, na sesión ordinaria do 18 de maio de 2011, por unanimidade adoptouse o acordo de aprobar o aboamento dun complemento de produtividade aos auxiliares administrativos da EMAO polo primeiro cuadrimestre do ano 2001 e polo importe de 504,88 € a cada un deles.

O complemento de produtividade está destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria, o interese ou a iniciativa con que as persoas adscritas ao sector público desempeñan o seu posto de traballo, correspondendo ó responsable da xestión de cada programa de gasto propoñer a contía individual (art. 23.3 LRFP), presupostos ós que o art. 21.1e) da Lei 31/1990, do 27 de decembro, engade a dedicación extraordinaria.

Da normativa transcrita dedúcese que a produtividade está directamente vinculada á actividade realizada durante o período polo que eventualmente haxa de recoñecerse o dito incremento, de tal sorte que a súa asignación e percibo por un período determinado non condiciona o mantemento desta retribución para o futuro de non se manter os presupostos legais, é dicir, o especial rendemento, a actividade ou dedicación extraordinaria e o interese ou iniciativa co que o persoal afectado desempeña o seu posto de traballo.

Polo que ás administracións locais se refire o art. 93.2 da LBRL, de aplicación á totalidade dos entes locais, advirte que a contía global das retribucións complementarias será fixada polo Pleno da Corporación dentro dos límites máximos e mínimos que se sinalen polo Estado. Por outra banda o apartado 3 do mesmo artigo remite ó art. 24.2 da LRFP, precepto básico que establece a necesidade de que a contía do complemento de produtividade se reflicte para cada exercicio no orzamento de cada administración local, documento que, como sabemos, debe ser aprobado polo Pleno Municipal. Finalmente, os apartados 5 e 6 do art. 5 do RD 861/1996, complementando a normativa básica citada, reiteran que corresponde ao Pleno de cada Corporación a través do orzamento determinar a cantidade global destinada á asignación do complemento de produtividade.

#### LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LBRL)
- Lei 3/1982, do agosto, de Reforma da Función Pública (LRFP)
- RD 861/1986, do 25 de abril, polo que se aproba o Réxime retributivo dos

Funcionarios da Administracións Locais (R.D.861/1986), modificado por RD 168/96 do 2 de febreiro.

- RD 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título sexto da Lei 39/1988 (RD 500/1990).
- Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLFL).

En conclusión, de conformidade cos fundamentos xurídicos expostos a materialización da implementación da partida de produtividade debe operarse mediante un previo acordo do Pleno da Corporación no que, no seu caso e mediante maioría simple, se autorice, na contía global que se indica no escrito da presidenta do organismo autónomo da Escola Municipal de Artes e oficios, o incremento do crédito existente ao obxecto de que con posterioridade se instrúa o correspondente expediente de modificación de crédito.

En virtude disto, de acordo co informe desta xefatura do 04.11.2011 no que se estiman as cantidades que corresponderían por posto de traballo, e seguindo as instrucións da presidenta do organismo autónomo, previo informe da Intervención Municipal, propónse ao Pleno da Corporación a adopción da seguinte proposta de acordo:..."

Deseguido o xefe do Servizo de Educación supervisor da EMAO formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

Con data 11 de novembro, o interventor xeral municipal informa o que segue:

"No día da data tivo entrada nesta Intervención Xeral proposta formulada polo Sr. supervisor da EMAO, conformada pola Sra. presidenta do OO.AA., en relación o asunto referenciado e en cumprimento do establecido no artigo 214 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o funcionario que subscribe ten a ben emitir o seguinte informe:

#### INFORME:

A indicada proposta ten por finalidade somete a consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do organismo autónomo correspondente ao ano en que andamos para complementos de incentivos ao rendemento. A cantidade que se pretende ampliar, segundo se desprende da proposta, ascende a un máximo de 45.580,91 euros na aplicación orzamentaria 3241.1500000.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ao Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local.

Polo que respecta aos feitos e circunstancias que motivan a solicitude ao Pleno da Corporación do incremento da contía dos indicados complementos obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: "*especialmente no que se refire á súa adaptación funcional ao novo Plan de Normalización Curricular iniciado no ano 2008 e que actualmente está vixente coa aprobación consecutiva de modificacións ao mesmo nos anos 2009 e 2010*", e referíndose ás circunstancias excepcionais que motivan a proposta que se informa os postos de traballo da estrutura organizativa do organismo.

*Á vista do exposto, debe indicarse que o complemento de produtividade ten o carácter de incentivo eminentemente persoal, aínda que a súa determinación e cuantificación se realice polo órgano de goberno competente en función das circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo (artigo 5.2 do RD 861/1986). Antepoñer estas circunstancias obxectivas (en conexión non só con postos de traballo, senón abstractamente con grupos profesionais), utilizándoas para a cuantificación convencional xeneralizada do complemento de produtividade a todos os funcionarios e persoal laboral correspondentes, na confianza de que a súa boa fe producirá resultados equivalentes na produtividade individual, desnaturaliza a esencia e finalidade do complemento de produtividade (SSTS de 14-7-1993 (RJ1993, 5641) e 11-9-1993 (RJ1993, 6600)).*

E tendo en conta a motivación de carácter xenérico que se deixa indicado, nos expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual dos complementos deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus OO.AA." que na súa instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias que atribúe o artigo 127.1.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime Local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ao devengo de dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que no teña a súa causa nas referidas instrucións de plantilla ou no acordo regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse, de non se ter sometido, ao item procedemental nelas descrito para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Finalmente, queremos referirnos á incidencia das limitacións establecidas na Lei de orzamentos Xerais do Estado para o actual ano do 2011 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 22 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado

para o ano 2011, establece no seu apartado segundo:

*Dos. En el año 2011, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre de 2010 resultantes de la aplicación, en términos anuales, de la reducción de retribuciones prevista en el artículo 22. Dos.B) de la Ley 26/2009, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2010, en términos, de homogeneidad para los dos períodos de comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.*

E o mesmo precepto nos apartados oito, nove e doce indica:

*Ocho. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en la normativa vigente.*

*Nueve. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen, deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables las cláusulas que establezcan cualquier tipo de incremento.*

*(...)*

*Doce. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos 149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones Locales correspondientes al ejercicio 2010 recogerán los criterios señalados en el presente artículo".*

Pola súa parte o artigo 5.2 do xa citado Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

Por conseguinte, do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complementos de incentivo ao rendemento, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ao rendemento ao número de efectivos ou ao grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada."

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, na súa sesión do día 21 de novembro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Autorizar a implementación da partida 3241.1500000 (produtividade) por unha contía máxima de 45.580,91 euros.

Segundo.- Instar ao órgano competente do organismo autónomo Escola Municipal de Artes e oficios para a instrumentación da modificación presupostaria correspondente.

#### **4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron

*Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación Municipal e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postos en pé, gardan un minuto de silencio polas vítimas da violencia de xénero.*

#### **5.- MOCIÓNS:**

5.1.- (280) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTAR Á XUNTA DE GALICIA ADOPTE DIVERSAS MEDIDAS EN RELACIÓN COS RECORTES DE FINANCIAMENTO SUFRIDOS NO PLAN CONCERTADO EXPTE.357/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 21 de novembro, número 357/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

-----  
S. Ordinaria 28.11.11

“O Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre os Concellos, a Xunta de Galicia e a Administración do Estado, por medio do cal se cofinancian os servizos sociais municipais e permiten garantir as prestacións básicas e a atención aos veciños e veciñas. O Plan Concertado cobre os custes seguintes:

- Persoal dos servizos sociais.
- Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios.
- A prestación do servizo de Axuda no Fogar, incluíndo a prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes e a prestación básica.
- A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.
- Investimentos: adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais.

Nestes días están a chegar aos concellos as resolucións deste Plan, cun recorte drástico e inxustificable nas achegas da Xunta de Galicia relativas aos gastos anteriores englobados no Plan Concertado de prestacións sociais básicas, no Programa de servizos sociais comunitarios e no Plan de desenvolvemento xitano.

Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, o PP na Xunta de Galicia vén de suprimir e recortar as achegas que desenvolven servizos sociais básicos.

Este recorte ao Plan Concertado obriga aos concellos a facer fronte ás necesidades e programas contraídos este ano 2011 con fondos propios, o que vai afectar aos servizos sociais municipais e ao que hai que engadir outra grave problemática: o atraso no pagamento das partidas asignadas e comprometidas. Hai que destacar que no mes de outubro os concellos aínda non recibiron da Xunta de Galicia as subvencións do Plan Concertado, cando os concellos veñen realizando o gasto desde o mes de xaneiro.

A Xunta de Galicia e o Parlamento galego, alén da incerteza do que vai pasar en 2012 e anos seguintes, deben resolver este tema de inmediato para asegurar e garantir os recursos necesarios para que os concellos sigan ofrecendo á sociedade os servizos e prestacións sociais que demanda e precisa, especialmente diante da crise económica e social que atravesamos.

Por todo isto, propoñémoslle ao Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia á restitución inmediata dos créditos eliminados para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou o recorte de 2,4 millóns de euros, que permitirá continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestacións básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.



Segundo.- Instar á Xunta de Galicia a que nos orzamentos do ano 2012:

- Garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o plan concertado e o programa de Servizos Sociais Comunitarios.
- Atender así mesmo á execución do Plan especial de atención á comunidade xitana e o Programa de atención a persoas sen fogar, polo grande incremento sufrido.
- Restabelecer e incrementar os fondos destinados aos concellos para apoio ás familias.

Terceiro.- Instar á Xunta de Galicia a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 21 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: As mocións 5.1 e 5.2 dos Grupos municipal do BNG e Socialista, respectivamente, teñen que ver co Plan Concertado e á súa vez sobre estas mocións hai unha emenda do Partido Popular. Se lles parece ben aos grupos, procederíamos a un debate conxunto. Iniciaría o BNG con cinco minutos, Partido Socialista con cinco minutos, Grupo Popular con cinco minutos, BNG con tres e Grupo Socialista con tres. Se lles parece ben iniciamos a moción.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O Bloque Nacionalista Galego presenta esta moción como está a facer en todos e cada un dos concellos do noso país porque nos parece que estamos diante dun tema non grave, senón de extremada gravidade e ademais un tema que vai afectar moi directamente non só ás arcas de todos os concellos deste país, que tamén, senón tamén, e aí está realmente o extremado problema, aos servizos sociais que vai poder prestar o Concello que son servizos básicos de atención ás necesidades daquelas familias e persoas menos favorecidas, que menos recursos teñen e que en definitiva son as persoas que necesitan directamente a atención da súa administración máis achegada que é a municipal.

O Plan Concertado de prestacións básicas é un instrumento fundamental de cooperación entre o Concello, a Xunta de Galicia e a administración do Estado.

Por medio deste Plan Concertado se co-financian os servizos municipais e permite ademais garantir as prestacións básicas de atención aos veciños. Para que a cidadanía e tamén os que nos están escoitando o saiban, neste Plan Concertado se subvencionan por parte da Xunta e da administración do Estado cuestións tan importantes como o persoal dos servizos sociais, os gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios, a prestación de axuda no fogar, a prestación para persoas valoradas como dependentes, os programas básicos de prevención, de reinserción, de loita contra a drogadicción, etc. É dicir, todo aquilo que ten que ver coa atención directa aos cidadáns.

Concretamente nestes días está a chegar aos concellos do noso país un recorte drástico e inxustificable das achegas do goberno do Sr. Feijóo, as achegas que ten que facer a Xunta de Galicia. Uns recortes absolutamente inxustificables e drásticos en comparación por exemplo cos datos do Plan Concertado do ano 2009, xusto antes de entrar o goberno do Partido Popular. Estes recortes van supoñer que o Concello de Vigo vai ter que aportar os seus propios cartos e recursos para facer fronte a estes servizos. Isto sen dúbida vai minguar moito a propia capacidade dun concello para ofertar estes servizos aínda que, como xa anunciamos, o BNG non vai permitir que se aprobe ningún orzamento municipal que non contemple primeiro e antes que nada estes servizos municipais básicos. Que se recorte noutras cousas.

Con esta moción queremos expresar tamén a noso máis enérxico rexeitamento e o noso absoluto voto en contra con todo o que está facendo o Partido Popular en materia de servizos sociais, recortando e privatizando absolutamente todos os servizos e o que é máis grave, deixando ás familias viguesas e galegas sen esas prestacións básicas para que poidan superar mellor a crise e esta situación económica.

Por todo isto o BNG agarda e solicitámolo unha vez máis, que o Partido Popular e os seus trece concelleiros e concelleiras desta Corporación exerzan como vigueses e viguesas e como representantes destes cidadáns e nos voten esta moción. Que lle digan ao seu propio goberno que non pode ser que a austeridade anunciada polo Sr. Núñez Feijóo vaia sempre en detrimento das clases menos favorecidas.

En definitiva, a moción do Bloque Nacionalista Galego insta á Xunta de Galicia a

non facer eses recortes, a que nos orzamentos de 2012 garanta como mínimo as cantidades consignadas no 2009 para o Plan Concertado e o programa de servizos sociais comunitarios. Así mesmo instar tamén á Xunta de Galicia a que demande do goberno do Estado o mantemento das cantidades que a administración do Estado tiña tamén destinadas o pasado 2010 ao co-financiamento dos plans e programas sociais minorados por acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.

En definitiva, non podemos permitir que en tempo de crise e co paro que existe en España recortemos os servizos básicos de atención aos menos favorecidos.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Coido que o explicou perfectamente o Sr. Domínguez Olveira pero si me gustaría salienta dúas cousas. A primeira saber onde estamos porque é moi importante saber de quen son as competencias. Non invento nada, vou ler a Orde do 3 de marzo de 2011 da Consellería de Benestar porque ás veces, cando se presentan algunhas mocións dende a oposición e non se explica de quen son as competencias, é complicado dar resposta.

Permítanme por iso que lles diga que o Estatuto de Autonomía de Galicia no seu artigo 27.23, atribúe á Comunidade Autónoma competencia exclusiva en materia de asistencia social "...en consonancia coa habilitación competencial outorgada ás comunidades autónomas polo artigo 148 da Constitución Española". A Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, establece no seu artigo 53 que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma se consignarán as cantidades necesarias para facer fronte ao cumprimento dos gastos derivados do exercicio das competencias da Xunta de Galicia en materia de servizos sociais, así como a súa participación no financiamento dos servizos, programas e prestación de servizos. Así mesmo o artigo 54 expresa a obriga dos concellos de consignar tamén nos orzamentos as cantidades necesarias para a creación, mantemento, a xestión e desenvolvemento dos servizos sociais da súa competencia.

O Partido Socialista de Galicia presentou no seu momento un recurso perante a Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e de Xustiza de Galicia un recurso de reposición cando tivo coñecemento do Decreto da Consellería de Traballo e Benestar Social que modifica a Orde do 9 de setembro de 2011 que di:

“Ademais de causar o anterior e para poder cumprir cos obxectivos de estabilidade orzamentaria da facenda da Comunidade Autónoma, esta Consellería vese obrigada a adoptar medidas de recorte dos créditos financiados con fondos propios autorizados para financiamento destas subvencións no exercicio 2011. Isto afecta ao financiamento dos servizos sociais comunitarios de titularidade municipal, programa de atención á dependencia, Plan Concertado de prestación de servizos básicos, programas de servizos comunitarios, financiamento de proxectos para o desenvolvemento do pobo xitano. Esta modificación non afecta...” Quero dicirlles que a día de hoxe temos no Plan Concertado unha redución de preto de 500.000 euros, o que suporía o 80% menos de recursos e significaría a morte dos servizos municipais.

Como sei que me van contestar que tamén o Estado non lles adiantou os cartos, dicirlles que o Estado lle transferiu á Xunta de Galicia pola Lei de dependencia, que logo a Xunta de Galicia nos transfere a nós, no ano 2010 1.000.000 euros e no ano 2011, 1.333.495 euros. Iso foi o que nos transferiu o Estado e logo a Xunta de Galicia nos transfere a nós. Con isto quero dicir que non nos veñan contar que tamén o Estado ten que asumir as súas competencias. Agardo que a partir de agora si o fagan vostedes e que non teñan que esperar a que a Sra. Merkel lles dea permiso para o facer porque nalgún momento alguén terá que asumir as súas propias responsabilidades.

No caso dos servizos sociais non condenen á cidade de Vigo a reducir esas prestacións porque cada vez se necesitan máis os servizos sociais, cada vez hai máis persoas dependentes, a dignidade das persoas comeza por aí. Cando falen de emprego falen tamén de que se se inviste en servizos sociais estamos investindo en emprego. Non hai ningunha xustificación para facer esta rebaixa dende a Xunta de Galicia dunha forma unilateral e sen ter en conta as propostas que se lle manda dende os concellos.

Precísanse 3.000.000 de euros para ter unha atención no Concello de Vigo, non do 100% que é a que deberíamos ter, pero si digna. A achega da Xunta de Galicia é de 1.328.000 euros que é a que transfere o Estado, o orzamento municipal ten máis de 1.500.000 euros que dedica aos servizos sociais á marxe da Xunta de Galicia. Con este Plan Concertado tal e como está asinado teriamos que asumir o 30%, neste caso superámolo con creces.

Señores do Partido Popular, agardo que voten as propostas do BNG e do PSOE que van no mesmo sentido. Non aceptamos a súa emenda do 50% porque estamos xa pedindo que a Xunta asuma as súas competencias, que siga mantendo cando menos como viña facendo ata o de agora e que non agarden polo que lles digan os de fóra. Comecen a gobernar dende dentro que é a súa responsabilidade.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Compartimos con vostedes a preocupación polo mantemento dunha suficiente dotación económica que permita garantir a atención das necesidades sociais. Non me agrada ver rebaixados os fondos do Plan Concertado pero inevitablemente os incumprimentos por parte do Estado que acordou na súa política fiscal e financeira, obrigaron á Xunta de Galicia a facer estes axustes. Os continuos recortes sociais do goberno do PSOE de España e a falla de visión para recoñecer a tempo e poder así contrarrestar a crise, levaron a España como a Galicia a unhas taxas de desemprego históricas que están levando a moitas familias a precisar máis axudas.

A taxa de risco de pobreza en Galicia, aínda que catro puntos por debaixo da española, está nunhas cifras preocupantes e por isto os orzamentos da Comunidade Autónoma para o ano 2012 son os orzamentos que máis se preocuparon dos temas sociais, os máis sociais da historia da Xunta. Dedican o 76% a cubrir as necesidades sociais básicas dos cidadáns; incrementáanse os programas de inclusión nun 1,57%, o RISGA nun 4%, a axuda para emerxencia nun 3,45% e un 30% máis o apoio a comedores sociais, albergues e casas de acollida. Malia este esforzo aínda non é suficiente pero os reiterados incumprimentos por parte do goberno central nos seus compromisos de financiamento non permiten actuar doutro xeito.

O orzamento destinado á atención dos dependentes que vostede, Sra. Abelairas, dixo que foi de 375.000 euros superior ao do ano pasado, é insuficiente por unha razón: porque este ano atendemos 11.000 dependentes máis a cargo da Xunta de Galicia. Lémbrolle que había un pacto polo que a Lei de dependencia se financiaba ao 50%, comunidades autónomas e Estado, nestes momentos a Xunta de Galicia está financiando o 70% e o Estado o 30%. Que fácil é legislar así, eu legislo e vostedes pagan.

O Plan Concertado de prestacións básicas de servizos sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre concellos, Xunta de Galicia e administración do Estado, así o dixo o Sr. Domínguez e é así. Por medio deste Plan cofináncianse os servizos sociais municipais que permiten garantir as prestacións básicas aos cidadáns, pero este equilibrio só se pode manter se as tres partes cumpren.

Algúns concellos, seguindo as directrices da FEGAMP, buscaron fórmulas para optimizar os recursos mediante a mancomunidade de servizos, pero esta fórmula é inviable no caso de Vigo co clima de enfrontamento que instaurou o alcalde, Abel Caballero, na Mancomunidade. Conseguiu que non poida ser unha fórmula valedoira nin para nós, nin para o resto dos alcaldes que abandonan este organismo sen programas nin obxectivos. A algúns, Sr. López Font, estas imposicións tiranas resúltanlles moi rendibles, bótenos unha man e fale coa xerente da Mancomunidade. Que oportunidade para dotar á Mancomunidade de proxectos e obxectivos!

Pero como non todo son malas novas, en días pasados se nos deu a coñecer o borrador do novo decreto que xa foi ao Consello e que permitirá facer anticipos nos catro primeiros meses do ano para o Plan Concertado. Deste xeito o procedemento de convocatoria anual de subvencións pasará realizarse mediante transferencias aos concellos, o que permitirá adiantar no primeiro cuadrimestre do ano unha contía equivalente á metade do recibido o ano anterior; o resto tamén se anticipará xustificando os programas. Tamén as contías correspondentes á axuda do fogar para os dependentes liquidaranse de forma trimestral e non anual como se viña facendo. Isto é un gran alivio para todos os concellos e así o recoñeceron.

Polo tanto o noso grupo non pode apoiar a moción na súa totalidade e moito menos o último punto que presenta o PSOE. Por Deus, só faltaría que lle permitísemos ao alcalde facer o que vostedes propoñen que faga.

Presentamos unha emenda á moción que xa nos dixeron que non nos aceptarían. Nesa emenda nós recollíamos sinxelamente a luva.

*Neste intre se ten que interromper uns momentos a sesión por voces do público presente no salón de Plenos dicindo "somos veciños", "non aos recortes",*

*“queremos intervenir”, “despedidas readmisión”, “Linorsa, Concello, culpables”...*

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: En primeiro lugar permítanme unha pequena paréntese. Sra. Abelairas, a verdade é que me dá mesmo gracia que vostedes agora lle digan ao Partido Popular que non se deixen mandar pola Sra. Merkel. Permítanme que ría porque levamos catro anos no goberno de Estado que quen manda realmente aquí é a Sra. Merkel e así nos vai e así nos foi.

É un problema de prioridades políticas, señora representante do Partido Popular. Cando aquí se traen temas sociais a culpa é do PSOE, o PSOE di que as competencias son do PP, fálase dos parados do Sr. Feijóo, dos de ZP, etc. Son prioridades políticas e calquera dos dous partidos, tanto o do goberno do Estado, como o do seu do goberno da Xunta, non tiveron nestes anos nin están a ter como prioridades políticas a atención da crise económica para favorecer aos traballadores e traballadoras desta cidade.

O Partido Popular ven coas mesmas trampas de sempre na Xunta. Din “non o metemos nos orzamentos pero non se preocupen que logo o solucionamos”. Se queren facer todo isto que vostede acaba de dicir, por que non o meten xa nos orzamentos? Non enganen a ninguén dicindo que logo o van adiantar, metan vostedes as cousas nos orzamentos. O que fan sempre vostedes é intentar disimular sempre a verdadeira cara da política do PP na Xunta. Que lle pregunten aos cativos que non van poder ter libros gratuítos, por que non poñen vostedes iso nos orzamentos? Que lle pregunten aos parados que nestes momentos se están atopando coa desagradable sorpresa de ter a súa tarxeta sanitaria bloqueada e de non poder acceder...

Iso é certo. Que conste en acta que lle vou remitir á Sra. Cendón unha certificación e unha declaración de xente que chegou ao seu médico de cabeceira e se lle dixo que a súa tarxeta estaba bloqueada. Iso é certo. Esas son as prioridades políticas do Partido Popular, coa complicidade no seu momento do goberno do Estado.

En definitiva, nós mantemos a moción do BNG tal e como está, non aceptamos a emenda e xa anunciamos que, por suposto, non imos votar o punto terceiro da moción do PSOE. Cando o Sr. Alcalde desta cidade fai o Regulamento do Pleno, quere que lle deleguemos competencias ou que o facultemos para exercitar

accións legais? Manda truco. Non necesitamos facultalo, como ten demostrado xa fai o que quere.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Retiramos o punto terceiro, Sr. Domínguez Olveira. O da tarxeta sanitaria coido que xa o copiaron noutra comunidade, temos unhas ideas tan xeniais que coido que ese bloqueo xa o copiou outra comunidade gobernada polo Partido Popular.

Sr. Domínguez Olveira, hai quince días o culpable de todos os males era ZP, era o culpable do afondamento da economía española. Hai algo máis de quince días lembren cando ía de pedichón, pero si conseguiu sentarse no G-20 onde se vai sentar agora un señor que se chama Mariano Rajoy.

Por certo, menten e mentiron, non saben facer outra cousa. Señores, teño aquí a Orde da Consellería de Traballo pola que se rebaixan as cantidades. A vostedes impórtalles moi pouco porque vostedes traballan moi cómodos coa caridade. Nós traballamos moi cómodos coa xustiza social. Esa é gran diferenza. Por certo, gustaríame lembrar que a Lei de dependencia é unha lei do Partido Socialista.

*A intervención da Sra. Abelairas Rodríguez foi interrompida en varias ocasións por voces e risas do público asistente no salón, con berros de “recortes igual a despidos”, etc., tendo a Presidencia que pedir silencio reiteradamente.*

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Estamos a falar de algo tan importante como o recorte que estamos a ter en servizos sociais. Calquera de vostedes, eu mesma, podemos ter necesidade de todo isto. Aí fóra hai xente que está agardando, que nos está esixindo que sexamos un pouco serios e eu considero que este Pleno é o suficientemente serio e a moción tan importante como para que de verdade paremos un minuto e non aproveitar para facer calquera tipo de reivindicación que hai sitios para as facer e ademais coido que foron atendidas nese sentido.

Novamente digo que retiramos o terceiro punto da moción, que facemos unha moción conxunta do BNG e do PSOE esixíndolle á Xunta de Galicia que non faga recortes en prestacións sociais e que lle digan ao Sr. Rajoy, neste caso da parte do Partido Socialista, que vaia saíndo do escondedoiro que non pasa nada.



*Prodúcese un novo paro na sesión por berros do público pedindo participación.*

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Sr. Alcalde, por favor, unha cuestión de orde porque se aludiu a un tema que non era da moción, que quero clarear porque non se pode deixar no ar dese xeito.

A PRESIDENCIA: Non, Sra. Cendón, aquí fanse alusións de forma continuada a múltiples temas que nada teñen que ver coas mocións.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Non, é que se fixeron alusións á miña persoa.

A PRESIDENCIA: Non ten a palabra, Sra. Cendón.

Emenda de substitución formulada por escrito de data 28 de novembro, pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso:

Cambiar o texto da parte dispositiva da moción polo seguinte:

“Instar ao Goberno do Estado o mantemento das cantidades que tiña destinadas ao cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros do mes de febreiro pasado.

Demandar así mesmo, en relación co servizo de axuda a domicilio a persoas en situación de dependencia que está a prestar dende as entidades locais, o financiamento do 50% do custe do servizo.”

*Ao non seren aceptada a anterior emenda polo relator da moción, a Alcaldía-Presidencia non a somete a votación.*

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras

Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro.

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira instando á Xunta de Galicia que adopte diversas medidas relacionadas cos recortes sufridos no Plan Concertado, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (281) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO AO GOBERNO GALEGO A RECTIFICAR OS RECORTES EFECTUADOS NO PLAN CONCERTADO. EXPTE. 355/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, número 355/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O Plan concertado constitúe un instrumento fundamental para a colaboración e coordinación con competencias en políticas sociais co fin de prestar servizos públicos, actuacións e programas absolutamente fundamentais para o benestar das persoas. Sen Plan concertado non poderían existir os servizos públicos sociais que existen na actualidade.

Este plan naceu froito das políticas sociais, tanto de dotación de persoal como na elaboración, mantemento e desenvolvemento de programas de atención e cohesión social.

Obxectivos fundamentais do plan son garantir servizos sociais a toda a poboación, proporcionar aos cidadáns e cidadás servizos sociais de calidade axeitados ás súas necesidades, construír redes públicas de equipamentos sociais, ou cooperar cos concellos na prestación de servizos sociais de calidade.

A entrada de Feijóo ao Goberno da Xunta vén supoñendo un ataque directo ao Plan concertado. Os recortes que se teñen experimentado, malia os anuncios ao uso da conselleira Mato, están a asfixiar aos concellos e, o máis importante, a persoas que precisan deste plan para vivir nunhas mínimas condicións de benestar. A media de recortes deste ano dos orzamentos da Xunta para os concellos é do 80% o que suporía, de non rectificar, a morte dos servizos sociais municipais.

Os incomparables recortes da Xunta de Galicia en axudas a domicilio impedindo novas altas, a desaparición de programas, están a ser denunciado polas profesionais e os profesionais do sector defendendo o interese das políticas sociais. Os anuncios da Consellería de Traballo e Benestar sobre o Plan concertado son tantos como incumprimentos contrastables e acreditados no seu tempo.

En virtude do exposto o Grupo Municipal Socialista, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno e que se acorde o seguinte:

Primeiro.- Rectificar, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados polo Goberno galego no Plan concertado e garantir, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.

Segundo.- Garantir o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do plan concertado que existían no ano 2009.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde-Presidente para exercitar as accións legais que procedan en defensa dos dereitos sociais dos seus veciños/as.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 21 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

*A instancia da Presidencia e coa conformidade dos voceiros municipais, a presente moción debateuse xuntamente coa presentada polo Grupo municipal do BNG relativa tamén ao Plan Concertado, figurando o texto do debate transcrito no punto 5.1. da presente acta.*

*A petición dos grupos municipais do PP e do BNG, o Grupo municipal Socialista, asinante da moción, retira o punto terceiro da parte dispositiva.*

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce

votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro.

ACÓRDASE:

Primeiro.- Rectificar, a través das medidas urxentes necesarias, os recortes implantados polo Goberno galego no Plan concertado e garantir, polo menos, a cobertura orzamentaria de 2009.

Segundo.- Garantir o mantemento dos programas, actuacións e servizos dependentes do plan concertado que existían no ano 2009.

### 5.3.- (282) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á CONSELLERÍA DE SANIDADE A POSTA EN MARCHA INMEDIATA DO CENTRO DE SAÚDE DE NAVIA. EXPTE. 354/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, número 354/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero, formula a seguinte moción:

“En Navia, deseñouse un centro destinado a cubrir as necesidades asistenciais dunha zona de rápido crecemento demográfico pola construción dunha área residencial con capacidade estimada para máis de 20.000 habitantes, aos que se engadían uns 8.000 máis das parroquias da zona (Alcabre, Comesaña) que na actualidade teñen os seus centros de referencia en Coia e Coruxo.

As previsións de crecemento da poboación fixo que na anterior lexislatura a Consellería de Sanidade, planificase un centro con capacidade para atender un sector de poboación de 30.000 persoas das que 3.500 serían menores de 15 anos. Xa no ano 2007 estableceuse para este centro unha Prioridade 1 (a máis alta), unha vez que se constatou a rápida ocupación das novas vivendas e que o Centro de Atención Primaria máis próximo é o de Coia que atende a máis de 44.000 habitantes e é un dos que ten niveis máis elevados de saturación asistencial.

- O 24 de abril do 2008 publícase no DOG a contratación por trámite de urxencia, a adxudicación por concurso da obra de construción do centro de Navia.
- O 15 de Setembro de 2008, a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a

través da Oficina de Supervisión de Proxectos, confirma o proxecto básico e de execución realizado polo arquitecto Fernando Branco cunha superficie a construír de 3.824 metros cadrados nunha parcela de 4.200, unha vez solucionados os problemas que xurdiran con respecto á ocupación de parcela e retranqueos e outórgase a correspondente licenza de actividade.

- O 30 de setembro de 2008, adxudícase a obra á UTE Comsa SA e Diconsa SA, cun prazo de execución de 12 meses.
- O 23 de febreiro de 2009, a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, emitiu o informe proposta de resolución polo que se autorizaba á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para realizar a construción do centro de saúde de Navia

A pesar do tempo transcorrido e superándose amplamente os prazos contemplados, a realidade é que a data de hoxe aínda non se puxo en funcionamento o Centro de Saúde de Navia, co consecuente quebranto para a asistencia sanitaria da poboación desa zona de Vigo.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Aprobar esta moción para instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que proceda con carácter inmediato á posta en servizo do Centro de Saúde de Navia de acordo co programa funcional e os recursos previstos no proxecto.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 21 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Na anterior lexislatura a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, presidida por D. Emilio Pérez Touriño, planificou e desenvolveu un centro de saúde en Navia destinado a cubrir as necesidades asistenciais dunha zona de rápido crecemento demográfico pola construción dunha área residencial con capacidade estimada para máis de 20.000 habitantes aos que se engadían 8.000 máis das parroquias da zona, Alcabre e Comesaña, que na actualidade teñen os centros de referencia en Coia e en Coruxo.

Con estas previsións demográficas planificouse un centro con capacidade para atender un sector de poboación inicial de 30.000 persoas, das que 3.500 serían menores de 15 anos. Xa no ano 2007 estableceuse para este centro unha prioridade “I” que é a máis alta. Unha vez que se constatou a rápida ocupación de novas vivendas e que o centro de atención primaria máis próximo en Coia estaba saturado, comezou o desenvolvemento do Plan funcional no que se contemplaban 17 médicos de familia, 3 pediatras, 17 profesionais de enfermería,

3 auxiliares de enfermería, 8 prazas de persoal de servizos xerais, odontólogo, hixienista dental, traballador social, matrona, 3 fisioterapeutas, etc.

O 24 de abril do ano 2008 publicouse no Diario Oficial de Galicia a contratación por trámite de urxencia para a adxudicación por concurso da obra de construción do centro de Navia. O 15 de setembro do 2008 a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo, a través da oficina de Supervisión de Proxectos, confirmou que o proxecto básico e de execución realizado polo arquitecto Fernando Blanco, cunha superficie a construír de 3.824 metros nunha parcela de 4.200 metros e, unha vez solucionados os problemas xurdidos con respecto á ocupación da parcela e retranqueos, outórgase a correspondente licenza.

O 30 de setembro do 2008 adxudicouse a obra á UTE Comsa e Diconsa, cun prazo de execución de doce meses.

O 23 de febreiro de 2009 a Xerencia de Urbanismo do Concello de Vigo emitiu o informe-proposta de resolución polo que se autorizaba á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia para realizar a construción do centro de saúde de Navia.

Nestes momentos, dous anos despois, debía estar funcionando o centro. A data de hoxe aínda non se remataron as obras. En canto á dotación de infraestruturas e equipamentos produciuse un recorte substancial no plan funcional do centro que pasou de dezasete consultas de medicina xeral a catorce e non existe área de docencia e formación coa redución conseguinte das consultas de enfermería.

Unha vez que se rematen as obras preténdese abrir con tres médicos de medicina de familia, o que non significa a creación de tres novas prazas senón que son prazas xa creadas pola administración anterior que se lles deu residencia en Coia ata o remate das obras. Sen pediatría e sen outros elementos como fisioterapia, odontoloxía ou hixiene dental.

Malia o tempo transcorrido e superándose amplamente os prazos contemplados, a realidade é que a data de hoxe aínda non se puxo en funcionamento o centro de saúde de Navia coa conseguinte quebradura para a asistencia sanitaria da poboación desta zona de Vigo. Unha mostra máis do abandono e da discriminación do actual goberno da Xunta para coa cidadanía de Vigo.

Por todo o dito e en representación do Grupo municipal Socialista, solicitamos do Pleno que aprobe esta moción para instar á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a que proceda con carácter inmediato á posta en servizo do centro de

saúde de Navia, de acordo co programa funcional e os recursos previstos no proxecto inicial.

SRA. VELOSO RÍOS: Volvemos debater unha moción relativa a recortes en sanidade, non é a primeira que debatemos neste Pleno e moito tremo que vendo como está aplicando a austeridade o goberno do Sr. Núñez Feijóo, non vai ser a última desgraciadamente.

A verdade é que o goberno do PP na Xunta de Galicia está a levar adiante unha serie de medidas que pretenden a privatización, o desmantelamento da sanidade pública no noso país e na nosa cidade. En Vigo temos exemplos ademais ben claros de como aplican estas políticas dende o goberno da Xunta. Temos o caso claro e evidente do novo hospital da nosa cidade; un hospital cuxo proxecto se reformou de tal xeito que se reduce o número de camas, redúcese case á metade a superficie de urxencias, elimínase o hotel de pacientes, a unidade de docencia e investigación. É dicir, imos ter un hospital máis pequeno, con menos servizos e máis caro, moito máis caro e que imos pagar nós e van pagar os nosos fillos e os nosos netos; ademais sempre a expensas do que decida unha empresa privada en función de beneficios económicos. Esa é a realidade.

Outro exemplo máis é o caso dos centros de atención primaria, neste caso estamos falando concretamente do centro de Navia. Efectivamente en Navia seguimos sen ter o centro de saúde que estaba previsto que tivésemos xa a estas alturas e que tan necesario é. Pero isto se inxire claramente dentro dunha política do goberno da Xunta que está moi lonxe de garantir a atención sanitaria para todo o mundo.

De feito retomamos un tema que xa xurdiu nunha moción anterior e temos o claro exemplo da anulación da tarxeta sanitaria ás persoas desempregadas e sen recursos económicos que o Partido Popular, por suposto, empéñase en dicir que é unha falsidade, pero temos que lembrar que no Pleno do Parlamento galego o pasado día 23, o presidente da Xunta Sr. Núñez Feijóo, non desmentiu a existencia desa directriz, senón que pola contra dixo que a ía modificar.

Non se pode modificar algo que non é certo, algo que non existe, senón que tivo que recoñecer que esa decisión si que se tomou polo goberno da Xunta, de feito está publicada no DOG. É o que ten ter que publicar as cousas nos diarios

oficiais, quedan publicadas, pódese ler calquera, quedan por escrito e pódense recoller. Nin sequera estamos falando de hemerotecas, falamos do Diario Oficial de Galicia onde se di explicitamente que as persoas sen recursos que soliciten a asistencia teñen dereito só á atención de urxencias e emerxencias, ademais de que por suposto van recibir atentamente un modelo de compromiso de pagamento para que o asinen. Esa é a realidade agora mesmo da sanidade, cada vez menos pública no noso país e este é un exemplo máis.

Por tanto coido que nos imos ter que ver obrigados a aprobar moitas mocións neste Concello para lle demandar á Xunta de Galicia que garanta a asistencia sanitaria pública e universal na nosa cidade porque ademais está afectando á xente que menos ten, á xente con menos recursos. Semella que cando unha persoa é desempregada de longa duración é cando menos dereitos ten a ter asistencia sanitaria pública porque evidentemente unha enfermidade non distingue de clases nin de recursos e cando menos recursos económicos tes é cando a administración deste país te deixa sen asistencia sanitaria. Esa é a realidade, ofréceselle un compromiso de pagamento ou pasar dependeren da tarxeta doutra persoa que si estea cotizando.

A cotización non ten nada que ver coa asistencia sanitaria que depende dos orzamentos xerais do Estado, é bastante diferente. Pero sigámoslle botando a culpa ao INSS e mentres o SERGAS, a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia, publicando ordes que deixan sen asistencia sanitaria ás persoas sen recursos na nosa cidade.

Sigamos sen ter centros de saúde e dicindo que os hospitais privatizados son hospitais públicos.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Sra. Veloso, quereda contestar ao do centro de saúde de Navia pero antes lle vou facer unha aclaración.

Efectivamente a asistencia sanitaria debería estar desvinculada do INSS porque é universal e garántese a todos os españois. Desgraciadamente non se fixo así e nestes momentos quen dá o dereito á asistencia sanitaria é o INSS que borra das súas bases de datos ás persoas que non cotizan e por iso a comunidade autónoma, para garantir que os parados non queden sen asistencia sanitaria, habilitou un novo código no que entran automaticamente e non só os parados,



senón que a todos aqueles que teñan un día ou vinte e nove de cotización, recoñécelles a tarxeta sanitaria durante dous anos de xeito que os que traballan unha semana, volven ter un contrato despois, non teñen paro..., poidan ter asistencia sanitaria sen ter que estar entrando e saíndo das tarxetas dos familiares. Esta Comunidade Autónoma foi a primeira de España que garantiu isto. Pero o problema do INSS xorde en todas as comunidades, a primeira que o denunciou foi Canarias onde o INSS borrou mil persoas nun día.

En canto ao centro de Navia comparto todo o que dixo o Sr. Rodríguez Escudero porque efectivamente non imos cuestionar a necesidade desta infraestrutura e por iso fixemos esa construción. De todos os xeitos coido que interesadamente evita mencionar as vicisitudes que tivemos que sortear para levar a cabo esta infraestrutura. Ninguén de nós desexaba este atraso, Sr. Rodríguez Escudero, aínda que algúns espremen iso ata a casca e o zume váiselles amargar un pouco. Sabe que o primeiro proxecto de execución se tivo que modificar porque este Concello pediu retranqueos e iso foi o que levou a que de dezasete se pasara a catorce consultas. De todos os xeitos é suficiente. Novamente houbo que faceren modificacións no proxecto de execución polo sistema de climatización. Todo isto, Sr. Rodríguez Escudero, acontecía sen grandes consecuencias para os usuarios que veñen sendo atendidos, como ben sabe, no pre-Navia onde se habilitaron dúas novas consultas para atender aos residentes da zona. Isto ao carón da súa casa, poden ir andando, non lles presenta maior problema.

Bastantes máis problemas creoulles que vostedes pechasen a única farmacia que tiña o barrio. A farmacia de Navia pechárona vostedes como tamén bastantes máis problemas lles crea aos veciños de Comesaña que vostedes non fosen quen de pular pola implantación dunha botica anexa. Por que non esta iniciativa e si á de Navia que neste momento non procede? O edificio do centro de saúde está rematado e co equipamento adquirido, a Consellería poderíao ter inaugurado sen iniciar funcionamento como fixeron outros gobernos co de Lavadores. Lembran o de Lavadores? Houbo tres inauguracións e non se podía recibir a obra, pero é que había eleccións e había que inaugurar o centro. Houbo tres inauguracións e vostede e máis eu pasamos polo bochorno de iren ás tres.

Afortunadamente podemos celebrar que o tema de Navia coido que está pechado. Había un problema coa acometida eléctrica que consistía en que o

SERGAS solicitara 200 kw de alta tensión á distribuidora que o tiña que autorizar porque é solo urbano; a distribuidora enviou un presuposto e aí se iniciou o contencioso. A Consellería de Industria a través da Xefatura Territorial de Pontevedra, que é o órgano competente para a resolución destes procedementos, resolve o día 7 de novembro a favor do SERGAS e require unha información previa, vinte días, levouse a cabo o día 8. O que me sorprende é que a Sra. Silva non lle dixera nada porque ten a comunicación oficial de Industria. O que pasa é que eu penso que a Sra. Silva xa está máis fóra ca dentro ou é que non sabe moi ben onde está, se fóra ou se dentro. En fin, gustaríame que estivese para llo poder preguntar. En calquera caso, a resolución de Industria marca tres meses para a apertura de Navia.

SR. RODRÍGUEZ ESCUDERO: Sra. Cendón, permítame que lle lembre un dito portugués que seguramente vostede coñece: “Vostede ten razón pero a razón que ten é pouca e a pouca que ten non me vale”. Voullo demostrar.

Na exposición que lle fixen falaba do tema do retranqueo. Iso non é a xustificación do atraso nin é a xustificación da diminución funcional porque, como lle lembrou o concelleiro non electo da Corporación anterior Sr. Mariño, a diminución do solo en superficie horizontal podía ser compensado co aumento da superficie vertical á que este Concello non poñía ningún inconveniente. Polo tanto, se se reduciu o proxecto funcional non foi polas limitacións que este Concello lle puxo, senón sinxelamente pola vontade política da Consellería de Sanidade.

O centro practicamente está rematado fisicamente pero, como vostede lembraba, fáltalle a acometida eléctrica. Sra. Cendón, ata o día 11 de novembro deste ano non entrou neste Concello a petición de autorización para que este Concello permitise a realización da acometida a través dunha gabiá.

Contra a palabra están os escritos, está a documentación oficial e aquí a ten vostede, Sra. Cendón: o 11 de novembro é cando entra este escrito polo tanto é imposible poñelo en marcha, como dicía a delegada da Xunta que se ía poñer ao longo deste ano.

Están incumprindo claramente e non por problemas sinxelamente administrativos, senón por problemas de vontade e de prioridades políticas e,

enlazando co que a concelleira do Bloque comentaba antes, este é un tema de prioridades e da vontade política que vostedes están demostrando no tema de sanidade. Pasou menos dunha semana dende as últimas eleccións e vostedes xa están mostrando as cartas da diminución das prestacións e dos dereitos sociais.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro.

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista Sr. Rodríguez Escudero, instando á Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia a posta en servizo do Centro de Saúde de Navia, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (283) MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO Á DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA O ABOAMENTO DE 450.000 € QUE LLE DEBE AO MARCO. EXPTE. 356/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 17 de novembro, número 356/1101, o concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Díaz, formula a seguinte moción:

“O Museo de Arte Contemporáneo MARCO leva nove anos de actividade cunha importante difusión da cultura, exposicións e colaboración con outros museos.

Dende o seu inicio os cinco patróns que forman parte do Padroado, Novagalicia Banco, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura, Deputación e o Concello de Vigo (quen achega o 50% do presuposto) garanten o seu funcionamento.

Todos os patróns aboaron a súa parte do financiamento ata este ano coa excepción da Deputación de Pontevedra, a cal ten pendente de pagamento as tres últimas anualidades, cun total de 450.000 €.

Non é o único organismo de Vigo ao que a Deputación de Pontevedra deixa de aboar as súas cotas, tamén á FAIMEVI e PROVIGO.

Mentres ao Museo de Pontevedra se lle asignan 4.079.256 €, ou ao campo de fútbol do Pontevedra 20 millóns de euros, a Vigo néganselle as dotacións comprometidas nos presupostos da Deputación para estes organismos da cidade.

É por isto que propoñemos ao Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Demandar da Deputación de Pontevedra que aboe de forma inmediata os 450.000 €, correspondentes ás anualidades de 2009, 2010 e 2011, que debe ao Museo de Arte Contemporáneo MARCO.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 21 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. RODRÍGUEZ DÍAZ.- O Grupo municipal Socialista presenta a este Pleno unha moción sobre o Museo de arte contemporánea, MARCO, que en outubro xa van nove anos dende a súa apertura cunha importante difusión da cultura e tamén de programación educativa e de actividades para familias, visitas guiadas, exposicións e colaboración con outros museos.

O MARCO declarouse de interese cultural e de interese galego e dende o seu inicio son cinco patróns os que forman parte do Padroado: Novagalicia Banco, Xunta de Galicia, Ministerio de Cultura, Deputación de Pontevedra e Concello de Vigo. Hai que lles lembrar aos cidadáns que o Concello de Vigo é o que fai a achega do 50% do seu orzamento que garante o seu funcionamento.

Todos os patróns aboaron a súa parte de financiamento ata este ano agás a Deputación de Pontevedra que ten pendentes de pago as dúas últimas anualidades e tamén a do ano 2011; son en total 450.000 euros.

Pero non é este o único organismo de Vigo ao que a Deputación de Pontevedra deixa de aboar as súas cotas, tamén a Fundación para a Enerxía, a FAIMEVI, ou a

Fundación PROVIGO teñen sen aboar as súas importantes cotas, nun caso 83.000 euros e noutro 90.000 euros. A isto tamén hai que engadir como débeda da Deputación de Pontevedra 300.000 euros para humanizacións xa da época do goberno do Partido Popular coa Sra. Porro.

Mentres vemos como a Deputación lle asigna ao Museo de Pontevedra 4.079.256 euros. Vemos tamén como o campo de fútbol do Pontevedra recibe 20.000.000 euros e vemos como a Vigo se lle negan as dotacións comprometidas nos orzamentos da Deputación para estes organismos da cidade.

Por todo isto propoñémoslle ao Pleno da Corporación o seguinte acordo: Demandar da Deputación de Pontevedra que aboe os 450.000 euros correspondentes ás anualidades de 2009, 2010 e 2011 que lle debe ao Museo de arte contemporánea, MARCO, de forma inmediata.

*Neste intre prodúcese unha interrupción no normal desenvolvemento da sesión por berros do público asistente na sala de "Máis emprego, non os recortes" e "Queremos intervenir", tendo que pedir silencio en repetidas ocasións a Presidencia.*

SR. ALONSO PÉREZ: Dende o BNG levamos trinta anos pedindo a disolución, a desaparición das deputacións. Esta institución naceu para homoxeneizar a política do estado centralista nas provincias. Hoxe é unha institución obsoleta, non ten sentido porque xa existen as comunidades autónomas e polo tanto a súa desaparición sería o normal. Pero o BNG non se limitou a pedir a desaparición das deputacións, tomou iniciativas tanto na Xunta, no Parlamento galego, como no Parlamento central.

No Parlamento galego instamos á Xunta a elaborar un proxecto de lei que desenvolvera a disposición adicional terceira do Estatuto para proceder á coordinación das deputacións coa intención de aproveitar as competencias estatutarias para reducir ao mínimo o seu rango de competencias e así contribuír ao aforro de recursos e minimizar as dobres competencias.

No Parlamento do Estado e diante da situación de crise económica que padecemos, o BNG presentou unha iniciativa para reformar a Lei de bases de réxime local co obxectivo de que as comunidades autónomas puideran adoptar

as reformas para limitar ao mínimo as funcións das deputacións e así nesta situación de crise, reducir gasto público e imprimir criterios de racionalidade na administración.

Estas iniciativas do BNG nos Parlamentos Galego e do Estado ata hoxe non tiveron eco pero o que si estamos vendo é que continua o malgasto de cartos públicos nas deputacións. Mellor que dicir malgasto, falar claro: segue o caciquismo imperando na actuación da Deputación, actúan como caciques, a cidadanía coñece actuacións como a do presidente da Deputación quen se reserva nun plano de obras para abordar a crise económica o 20% de libre disposición, 14.000.000 euros. Iso é puro caciquismo, é o nome que ten, ás cousas hai que as chamar polo seu nome.

Pero aínda hai unha situación máis grave e é que connosco, neste Pleno, está o señor vicepresidente da Deputación, está aquí sentado connosco e négase unha e outra vez a exercer como concelleiro desta cidade e cando se lle demanda á Deputación cousas que están comprometidas, el non actúa como concelleiro desta cidade. Iso é moi grave. Non serve dicir que así castiga ao alcalde ou que como non lle gusta o alcalde castíga facendo que a Deputación non cumpra cos seus compromisos. Non serve porque non é verdade, Sr. Figueroa, non se castiga ao alcalde, realmente se está castigando aos cidadáns de Vigo cando a Deputación non cumpre cos seus compromisos. Que a Deputación cumpra cos seus compromisos.

*Neste intre prodúcese unha nova interrupción por parte do público presente na sala tendo que pedir silencio en repetidas ocasións a Presidencia.*

SR. ALONSO PÉREZ: Por iso o BNG vai votar a favor desta moción instando a que a Deputación cumpra o seu compromiso e aboe os 450.000 euros que lle debe ao MARCO de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Depende dende onde se miren os temas da Deputación. É curioso que o Bloque Nacionalista Galego diga que quere que desaparezan as deputacións cando en Lugo ben que gobernan; tamén na Coruña mentres que puideron e os cidadáns os apoiaban. Daquela non dicían absolutamente nada.

Viva a coherencia do Bloque Nacionalista Galego na Coruña e en Lugo.

Parece que isto é un ataque á intelixencia dos cidadáns porque na Deputación o Partido Popular tiña catorce deputados e agora ten dezasete, iso quere dicir que vostedes non son quen de asumir nin de soportar o apoio maioritario que nos deron os veciños e as veciñas. Viva tamén a democracia para o Bloque Nacionalista Galego e para o Partido Socialista.

Voulles dar os datos do último mandato da Deputación na cidade de Vigo. A Deputación destinou para a cidade de Vigo no último mandato preto de trinta millóns de euros, 27.384.000 euros. Este é un dato obxectivo.

Con respecto ao MARCO dicir que levamos intentando por activa e por pasiva falar co director para que veña ter un acto público para que se saiba porque, como se di que a Deputación non inviste na cidade de Vigo e iso é mentira, é falso, queremos que se saiba. No ano 2010 ao director prohibéselle por parte do Sr. Alcalde que teña unha relación coa Deputación de Pontevedra.

Aquí están os RC coas subvencións dende o ano 2010 sen recibir. Ano 2010, 150.000 euros; ano 2011, 150.000 euros. Os RC, é dicir, toda a tramitación administrativa, económica da Deputación para que os reciban. Subvención ano 2010, porque se paga a ano vencido, 150.000 euros que son do ano 2009; en 2011 que é do ano 2010, 150.000 euros e a consignación orzamentaria do ano 2011 para aboar a final do ano 150.250 euros. Polo tanto están totalmente consignadas todas as partidas do MARCO dende o ano 2009 en que o alcalde lle prohibe terminantemente ao director-xerente que se poida facer un acto público.

O que lle pasa ao alcalde de Vigo é que, como quere estar enfrontado con todos, quere enganar e manipular á opinión pública dicindo que a Deputación de Pontevedra non inviste, nin destina diñeiro á cidade de Vigo cando é mentira. Só no MARCO son 600.000 euros no último mandato que están totalmente tramitados e consignados. Parece que isto lles molesta a algúns, pónense nerviosos pero é a realidade. Poden comprobar os medios de comunicación que están totalmente tramitadas as tres subvencións, a do ano 2009, a do ano 2010 e a do ano 2011 que está na consignación orzamentaria nominativa ademais, é dicir, non é que estea unha partida á lixeira, non, é nominativa.

Dito isto, dicir tamén que a Deputación de Pontevedra por culpa do goberno da cidade de Vigo non puido investir 25.000.000 de euros en Navia que tiña para un

proxecto de remodelación, de lecer, deportivo para esa zona.

Pero é máis, xa lles vou anunciar no día de hoxe que a Deputación ten consignados para Vigo case 3.000.000 de euros para o Colexio Alemán. Levamos tres anos agardando pola cesión dos terreos para a construción do Colexio Alemán na Bouza. Xa lles digo agora mesmo que despois de tres anos non foron capaces de ceder os terreos para a construción do Colexio Alemán co que se perde a subvención de preto de 3.000.000 de euros porque o Concello de Vigo non foi capaz de ceder ou non quixo ou non sabe facer a tramitación da cesión dos terreos do Colexio Alemán. Estoulles anunciando que como o orzamento da Deputación está pechado dende a mañá de hoxe, pérdense case 3.000.000 de euros para investir por falla de xestión do Sr. Alcalde e de todo o seu equipo de goberno. Esa é a xestión.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Eu coidaba que xa escoitara de todo pero me faltaba por escoitar isto.

O máis grande é cando o Sr. Figueroa mostra o talón aquí, leva o talón no peto, non o ten o servizo de Contabilidade da Deputación.

*A intervención do Sr. Rodríguez Díaz é interrompida polos berros do público dicindo "Executa os acordos". A Presidencia pide novamente silencio.*

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Decía que un deputado leva o cheque no peto, non está no servizo de Contabilidade. Isto xa é o máis grande que se pode dicir aquí. A iso chámasele caciquismo.

Coincido co Sr. Alonso cando di que vostede, Sr. Figueroa, non fai nada por Vigo. A iso chámasele traizón á cidade e traizón aos cidadáns. Vostede fixo declaracións de que non paga o diñeiro do MARCO mentres o alcalde non os deixe de atacar. O alcalde non os ataca, señores do Partido Popular, o alcalde, Abel Caballero, defende á cidade, aos vigueses e ás viguesas.

O Concello de Vigo págalle 2.000.000 de euros todos os anos en concepto de IAE á Deputación de Pontevedra e faio por transferencia, non vai o alcalde alí co cheque facerse a foto para lle dar ao Sr. Louzán nin o fai vir aquí. Esa é diferenza.



Andar cos cheques enriba, con cheques de cartos públicos, é delito, Sr. Figueroa, iso é o que fan vostedes.

*Neste intre prodúcese unha nova interrupción polos berros do público manifestando a Presidencia que de se producir unha nova interrupción, parará a sesión plenaria.*

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Para dicir que non queren aboar as cantidades que teñen ademais comprometidas co Museo de Arte Contemporánea de Vigo, volven aos recursos que lles peta.

Pero non me vou desviar. Como entenden vostedes o apoio á cultura? Que lle van contar vostedes ao obradoiro de escolares que hai agora de outubro a decembro? Que non pagan? Que non poden ir alí? Que se vai pechar? Vanlle contar algo vostedes a eses nenos e a esas nenas? Non lle van dicir nada.

Vostedes non só non defenden a Vigo, senón que o espolian cada vez que poden. Espoliáronos Caixanova, queríannos espoliar os cadros da colección de Caixanova, menos mal que os paramos e impedimos que se levaran os cadros. Iso é o que fan vostedes por Vigo.

Sr. Figueroa, reitérolle que andar con talóns de diñeiro público no peto é delito. Os cartos públicos non poden andar no peto de ningún deputado ou deputada, teñen que estar no servizo de Contabilidade, facerse transferencias e non andar así.

Comprométanse con Vigo nesta moción concreta, cumbran co Museo de Arte Contemporánea e paguen o que deben, non sexan uns *pufeiros*.

A PRESIDENCIA: Ademais disto pido ao realizador da acta que conste en acta que un deputado desta Corporación exhibiu un talón e un expediente da Deputación Provincial neste Pleno, un talón e un expediente, presuntamente. Presentou a fotocopia dun expediente, di el, e aparentemente figuraba como expediente e o talón. Quede constancia de que presuntamente presentou expediente e talón e el afirma que fotocopia.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con trece votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro.

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal Socialista, Sr. Rodríguez Escudero instando á Deputación Provincial de Pontevedra o aboamento urxente dos 450.000€ que debe ao Museo MARCO de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

## **6.- ASUNTOS URXENTES.**

6.1.- (284) MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO CASCO VELLO DE VIGO. ARTIGO 4.3. EXPTE. 363/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 25 de novembro de 2011, o secretario xeral do Pleno formula o seguinte informe-proposta:

“LEXISLACIÓN APLICABLE:

- TRRL. Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril.
- LALGA. Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- LPAP. Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas.
- RB. Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais.
- Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo.

## ANTECEDENTES:

En data 23 de novembro ten entrada no Rexistro da Secretaría Xeral do Pleno escrito da Presidenta do Consorcio Casco Vello de Vigo polo que remite o expediente incoado para a aprobación da modificación do artigo 4.3 dos Estatutos de dito ente local.

No expediente consta: (i) informe xurídico da secretaria do Consorcio de data 21.09.2011; (ii) acordo do Consello de Administración do Consorcio Casco Vello de Vigo de data 13.10.2011, onde por unanimidade se aprobou inicialmente a modificación da redacción do artigo 4.3 dos Estatutos; (iii) anuncio inserido no BOP do día 21.10.2011 expoñendo polo prazo dun mes o acordo de aprobación inicial; (iv) informe favorable de data 26.10.2011, da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; (v) informe favorable da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado en data 28.10.2011, respecto da modificación proposta e (vi) certificado da secretaria do Consorcio Casco Vello de data 22.11.2011 no que consta que no período de información pública non se presentaron alegacións ou reclamacións á aprobación inicial da modificación.

A LALGA, no seu artigo 151, advirte que na modificación dos Estatutos dun Consorcio Local seguiranse as regras sinaladas nos artigos 143 e 144 para a modificación dos Estatutos das Mancomunidades de Municipios, pois ben, o artigo 143 c) sinala que rematado o prazo de exposición pública a proposta de modificación someterase a acordo dos Plenos dos Concellos mancomunados (consorciados) e que tal acordo requirirá do *voto favorable da maioría absoluta* do número legal de membros da corporación.

A LBRL no se artigo 122.5.e) 2º sinala que será preceptivo o asesoramento legal o Pleno do Concello (informe da Secretaría Xeral) sempre que se trate de asuntos sobre materias para as que se esixa unha maioría especial. O artigo 123.2 da LBRL, lexislación básica, sinala os acordos que requiren maioría absoluta nos municipios de gran poboación, entre eles non consta a modificación dos Estatutos das Mancomunidades ou Consorcios nos que se integre o Concello, é mais, o segundo parágrafo deste precepto advirte, “(...) *os demais acordos adoptaranse por maioría simple de votos (...)*”, polo que cabe concluír que este precepto derroga a previsión do quorum contemplado non artigo 143 c) da LALGA sendo en consecuencia suficiente para a adopción do acordo que se propón a maioría simple de votos.

Non obstante o exposto emítese o seguinte,

## INFORME

A modificación, segundo o de aprobación inicial do Consello de Administración do Consorcio de data 13.10.2011, concrétase no artigo 4.3 dos Estatutos, respecto deste precepto propónse a seguinte redacción:

*“O Consorcio Casco Vello de Vigo, como ente local de dereito público dotado de patrimonio propio, ten plena capacidade de obrar polo que poderá dispoñer e allear o seu patrimonio con suxeición á lexislación que lle sexa aplicable. En todo caso **podará allear os bens**, co acordo do Consello de Administración, por unanimidade dos seus membros, **directamente a unha Administración pública**”*

De conformidade co sinalado no artigo 2 dos Estatutos, o Consorcio Casco Vello de Vigo (en adiante Consorcio) *“(...) é una Entidade Local de dereito público de carácter asociativo, dotada de personalidade xurídica independente da dos seus membros, patrimonio propio, administración autónoma e tan ampla capacidade xurídica de dereito público e de dereito privado como requira a realización dos seus fins. O Consorcio rexerese polos presentes Estatutos e polo previsto na normativa específica que lle sexa de aplicación (...)”*.

O artigo 4 refire os fins do Consorcio, indica que o seu fin esencial é levar a cabo actuacións e intervencións que contribúan ó proceso de recuperación na “Área de Rehabilitación Integrada” do Casco Vello de Vigo. Pois ben, o artigo 5.1.b) advirte que para o desenvolvemento e execución dos fins sinalados o Consorcio *“(...) **podará realizar cantos contratos ou convenios con persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sexan precisos (...)**”*; o mesmo artigo, no seu apartado 2, concreta: *“(...) o Consorcio, para a consecución dos fins asignados ... **podará realizar toda clase de actos de xestión e disposición ... allear... todo tipo de bens ... e celebrar contratos de calquera natureza ... dentro dos límites e con suxeición ós presentes Estatutos e ó ordenamento xurídico vixente (...)**”*; seguidamente o artigo 15.1.ñ) sinala , *“(...) Corresponde ao Consello de Administración ... adquirir e allear toda clase de bens mobles e inmobles (...)*”; finalmente o artigo 26.2.f) aclara que será necesario o **voto unánime do Consello** nos acordos de *“(...) alleamento de bens pertencentes ó Consorcio cando a súa contía exceda do 10 % dos recursos ordinarios (...)*”.

Dos preceptos transcritos non se adiviña cal é ó obxectivo da modificación que se propón que nada engade ó xa previsto nos Estatutos.

En efecto, os Estatutos sinalan expresamente o que pretende a modificación. O Consorcio é un ente local de dereito público e como tal figura inscrito no Rexistro de Entidades Locais de Galicia (art. 2); está dotado de patrimonio propio (art. 2); pode dispoñer do seu patrimonio e allear bens (art. 5.2); tal disposición realizarase con suxeición á lexislación que lle sexa aplicable (art. 2 e art. 5.2, ambos *in fine*); o alleamento require acordo do Consello de Administración (art. 15.1.ñ); o alleamento pode realizarse a unha Administración Pública (art. 5.1.b).

O que non din os Estatutos é que o Consorcio ten plena “capacidade de obrar”, concepto mais propio das persoas físicas (minoría de idade e incapacitación), pois as persoas xurídicas ostentan tal capacidade desde a súa constitución e ademais non ven referida ao ente como tal, senón os seus distintos órganos (Presidencia, Consello de Administración, Xerente... etc), por isto é mais correcto falar, como fala o artigo 2 dos Estatutos, de personalidade xurídica e “capacidade xurídica de dereito público e dereito privado”.

O que tampouco din os Estatutos é que o alleamento dos seus bens a unha Administración Pública, a unha persoa xurídica pública, pode realizarse **“directamente”**, locución innecesaria pois é evidente que, *“a lexislación que lle é aplicable”*, é dicir, a aquela a que unha e outra vez se remite o Estatuto, contempla esta posibilidade.

O artigo 137.4.a de la LPAP indica,

*“Poderase acordar o alleamento por adxudicación directa cando o adquirente sexa unha entidade sen ánimo de lucro ou, en xeral, a calquera persoa xurídica de dereito público ou privado pertencente o sector público”.*

Aínda que o artigo 112 do TRRL se remite en materia de contratación de entidades locais á lexislación estatal e polo tanto á LPAP, a aplicación deste precepto ao réxime xurídico dos bens locais (coa excepción dos integrantes do Patrimonio Municipal do Solo, destinados a vivendas dalgún tipo de protección pública, ver artigo 177.2 da LOUGA) é problemática en virtude do sinalado no artigo 2 da mesma Lei, en relación coa Disposición Final Segunda que non menciona de aplicación supletoria o réxime local os artigos 136 ao 145 desa norma, agora ben, non por isto tal alleamento directo de bens locais a unha Administración Públicas deixa de ser posible *“o amparo do ordenamento xurídico vixente”*, e *“da lexislación que lle é aplicable”*.

En efecto, o artigo 109.2 do RB e, en idéntico sentido, os artigos 79.2 do TRRL e 276.2 da LALGA din:

*“(...) Os bens inmobles patrimoniais non **poderán cederse gratuitamente** senón a **Entidades** ou Institucións **públicas** para fins que redunden en beneficio dos habitantes do termo municipal, así como a Institucións privadas de interese público sen ánimo de lucro (...)”*

Sen fisuras, unha constante xurisprudencia do TS, entre as que destacan as SS do 28.04.1993; 21.02.2006 e 20.06.2007, entre outras de innecesaria cita, ven indicando que as denominadas **“cesións gratuítas”** do RB a outras Administracións Públicas son doazóns modais, en definitiva, **alleamentos gratuítos** polos cales se transmite o dominio do inmovible.

En conclusión, se é posíbel o alleamento directo gratuíto e modal as Administracións ou Institucións Públicas (cumprimento dos fins no prazo de cinco anos e manter o destino nos seguintes trinta) con maior razón, e xustificando no expediente o beneficio os administrados, será posíbel o alleamento directo e oneroso, tamén modal, ás Administracións Públicas (Xunta de Galicia/Instituto Galego de Vivenda e Solo) que parece ser o fundamento da modificación estatutaria proposta que neste aspecto, ao noso parecer e sen prexuízo de opinión mellor fundada en dereito, resulta innecesaria.

CONCLUSIÓN E PROPOSTA DE ACORDO

-----  
S. Ordinaria 28.11.11

Sen prexuízo da súa innecesariedade a modificación estatutaria proposta se axusta o ordenamento xurídico.

Corresponde ao Pleno do Concello, mediante acordo que debe adoptarse co voto favorable da maioría simple dos membros da Corporación, aprobar a modificación da redacción do artigo 4.3 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo debendo para isto emitir o seguinte acordo:..."

Polo anteriormente exposto, o secretario xeral do Pleno formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA URXENCIA.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia

INTERVENCIÓN DO SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sobre o fondo eu queredría sinxelamente facer constar que no expediente que se nos presenta hai un erro de transcripción nunha parte do acordo porque nese Pleno do Consello de Administración o Bloque Nacionalista Galego, a través da nosa concelleira Sra. Veloso Ríos, dixo que se engadira que o acordo tería que ser por unanimidade do Consello de Administración, como así se aprobou. Na primeira parte do expediente non figura textualmente isto. Pedimos polo tanto que se corrixa.

A PRESIDENCIA: Correcto, rectifícase ese erro e así toma nota o secretario do Pleno. Votaremos o texto con esta modificación que propón o Sr. Domínguez Olveira por erro na transcripción

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Aprobar a modificación do artigo 4.3 dos Estatutos do Consorcio Casco Vello de Vigo segundo redacción sinalada no acordo do Consello de Administración dese ente local de data 13.10.2011.

Segundo.- Remitir certificación do acordo adoptado ao Consorcio Casco Vello de Vigo ao obxecto de continuar coa tramitación do expediente.

### **PARTE DE CONTROL**

#### **1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.**

##### 1.1.- (285) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de outubro e 24 de novembro de 2011.

##### 1.2.- (286) DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 27 de outubro e 24 de novembro de 2011.

1.3.- (287) DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 10.11.11 DE NOMEAMENTO DE VOCAIS VECIÑAIS NOS ORGANISMOS AUTÓNOMOS.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 10 de novembro de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

“O Pleno do Concello de Vigo, en sesión de data 8 de xullo de 2011, prestaba aprobación á proposta da Alcaldía de data 5 de xullo, referente ao nomeamento de representantes da Corporación nos organismos autónomos municipais. No dito acordo constaba a distribución dos sete vocais veciñais que debían propoñerse polos grupos políticos municipais, outorgando un prazo de 4 días dende a adopción do acordo para que os voceiros dos distintos grupos remitan escrito á Alcaldía a través da Secretaria Xeral do Pleno no que fagan constar o nome dos vocais veciñais indicados.

Ao tempo, dito acordo facultaba ao Alcaide para o nomeamento dos vocais veciñais mediante resolución.

Por decreto de data 1 de setembro de 2011, a Alcaldía-Presidencia, no seu apartado quinto, requiriu ao Grupo municipal do Partido Popular para que designase aos vocais veciñais que corresponden ao devandito grupo.

Por escrito de data 9 de novembro, número de rexistro do Pleno 346/1101, o voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila comunica os nomes dos vocais veciñais designados.

Polo exposto, de conformidade co citado escrito, esta Alcaldía

**RESOLVE**

Primeiro.- Nomear vocais veciñais polo Grupo municipal do Partido Popular no organismo autónomo "Instituto Municipal dos Deportes" ás seguintes persoas:

- D. Alejandro Pérez Davila                      DNI 36.151.748-A
- D. Juan Carlos Padín Nieto                      DNI 35.910.557-J
- D. Roberto Giráldez Barbeitos                      DNI 76.911.826-X

Segundo.- Nomear vocais veciñais polo Grupo municipal do Partido Popular no organismo autónomo "Escola Municipal de Artes e Oficios" ás seguintes persoas:

- D. Santiago José Varela Vidal                      DNI 36.061.354-E
- D. José Román Ces Rodríguez                      DNI 36.051.479-Z
- D. Luís María Fernández Ruiz                      DNI 34.951.270-X

-----  
S. Ordinaria 28.11.11



Terceiro.- Nomear vocais veciñais polo Grupo municipal do Partido Popular no organismo autónomo "Parque Natural das Ciencias Vigo Zoo" ás seguintes persoas:

- D. Abdón Comesaña Rodríguez           DNI 35.927.365-P
- D. Emilio Rodríguez Rodríguez        DNI 35.912.554-D
- D. Rafael González Rodríguez         DNI 36.071.606-Q

Cuarto.- Notificar a presente resolución ao voceiro do grupo político municipal do PP, organismos autónomos e aos interesados.

Quinto.- Dar conta da presente resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se realice."

*Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

1.4.- (288) DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DE DATA 14.11.11 DE CORRECCIÓN DE ANTERIOR RESOLUCIÓN DE DATA 30.09.11 DE DELEGACIÓN DE FUNCÍONS NO CONCELLEIRO DELEGADO DA ÁREA DE FOMENTO.

ANTECEDENTES.- Por decreto de data 14 de novembro de 2011, a Alcaldía-Presidencia ditou a seguinte resolución:

"Por resolución desta Alcaldía de data 30 de setembro de 2011 (achégase copia), delegouse no concelleiro delegado da Área de Fomento, David Regades Fernández, as atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e execución de, entre outros, o seguinte proxecto:

FOMENTO E PROMOCIÓN DE EMPREGO  
2410.632.00.04 Escola infantil Mestre Goldar

Con posterioridade observouse erro material na transcripción do número correspondente á aplicación orzamentaria da "Escola infantil Mestre Goldar", sendo o correcto o número 2410.632.00.00, polo que procede a rectificación da mencionada resolución e, en consecuencia,

RESOLVE:

Primeiro.- Rectificar o erro material detectado na resolución desta Alcaldía de

-----  
S. Ordinaria 28.11.11

data 30 de setembro de 2011, ao abeiro do disposto no artigo 105.2 da Lei 30/1992, debendo quedar como segue:

- Onde dicía 2410.632.00.04 Escola infantil Mestre Goldar
- Debe dicir 2410.632.00.00 Escola infantil Mestre Goldar

Segundo.- Esta delegación enténdese sen prexuízo da modificación que sobre o crédito orzamentario inicialmente previsto ou outras cuestións do mesmo puidera efectuarse para garantir a correcta execución do proxecto.

Terceiro.- Esta delegación de atribucións, de conformidade co sinalado no artigo 44 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, terá efecto dende o día seguinte ao da data desta resolución, sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, rexéndose pola normativa de aplicación.

Cuarto.- Dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que realice para o seu coñecemento.

Quinto.- Ordenar a súa publicación na rede Intranet ao obxecto do seu coñecemento polas distintas dependencias e unidades administrativas."

*Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.*

## **2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.**

Non se presentaron.

## **3.- COMPARECENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.**

Non se realizaron.

## **4.- MOCIÓNS.**

4.1.- (289) MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO AO GOBERNO MUNICIPAL A ELABORACIÓN DUN PLAN DIRECTOR PARA CONSERVACIÓN DOS PARQUES, ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES DA CIDADE. EXPTE. 329/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de

novembro, número 329/1101, o concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, formula a seguinte moción:

“Segundo a resolución de delegación de funcións do equipo de goberno do Concello de Vigo a Área de Distritos, Parques, Xardíns e limpeza ten entre as súas atribucións e responsabilidades elaborar e propoñer ó órgano competente para a súa aprobación e, posteriormente, dirixir e xestionar un Plan Director de Melloras para a xestión e conservación dos parques, espazos libres e zonas verdes.

O equipo de goberno municipal, demostrando o interese que ten polos recursos naturais da nosa cidade, non elaborou, non dirixiu e non xestionou ese Plan director para a conservación dos parques, espazos libres e zonas verdes que constitúen un dos maiores valores medioambientais da nosa cidade.

Por todo isto, solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo:

Instar ó goberno municipal a que acometa sen máis dilacións as súas obrigas e elabore e implante ese Plan director para a conservación dos parques, espazos libres e zonas verdes da nosa cidade .”

A comisión informativa de Fomento, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SR. ARAÚJO PEREIRA: Dende o Grupo municipal do Partido Popular queremos manifestar, e seguramente nos darán a razón, que os parques, os espazos libres e as zonas verdes desta cidade son de vital importancia para saúde, tanto física como mental de toda a cidadanía.

A moción que se presenta neste intre pretende poñer de relevo a importancia desta zonas e a necesidade de elaborar e sobre todo xestionar un plan estratéxico no que se aborden os diferentes obxectivos que se pretenden conseguir nestas áreas, así como un cronograma de actividades para levar a bo fin o pretendido plan director, tanto a nivel de novos proxectos como de melloras. Esta solicitude non é un capricho do noso grupo municipal, de feito xa na resolución de delegacións de funcións que o Sr. Alcalde fai aos membros da Xunta de Goberno e concelleiros, establécese a elaboración e xestión deste plan coma unha das obrigas e atribucións que D. Angel Rivas González ten como responsable da área de distritos, parques, xardíns e limpeza e que ata o día de hoxe nin sequera lle preocupou.

Estimados señores e señoras, no mundo global no que nos toca vivir a planificación e non a improvisación é fundamental para a supervivencia de calquera organización, tanto empresarial como social e moito máis importante cando nos centramos en institucións administrativas que xestionan áreas de gran valor e recursos públicos como son as citadas nesta presentación. Toda planificación neste caso non é diferente, está para ser modificada se as circunstancias o aconsellan. Pero o que si é certo é que os plans do equipo de goberno, neste caso o coñecemento do plan director, permitiranos aos cidadáns do Concello de Vigo poder valorar os obxectivos, así como as partidas orzamentarias necesarias, para levar a cabo as accións en áreas de tanta importancia como son os parques, espazos libres e zonas verdes.

O valor destas áreas das que estamos a tratar está fundamentado na súa importancia a varios niveis. A nivel de extensión territorial estas áreas supoñen máis dun 30% da superficie do Concello. A nivel de cohesión territorial as áreas verdes, parques e espazos libres son elementos vertebradores da estrutura da nosa cidade. A nivel de importancia natural, ecolóxica e ambiental estas áreas con máis de 3.000 hectáreas supoñen o principal sumidoiro de CO2 e son esenciais para a produción de osíxeno, contribuíndo a conseguir neste Concello os obxectivos marcados no Protocolo de Kioto.

A nivel de pontenciamento da parroquia, nalgunhas parroquias desta cidade a nivel histórico, parte do movemento veciñal e das actividades que se realizan na actualidade nos ámbitos sociais e culturais están moi ligadas á existencia destas áreas. A nivel de saúde física e mental estas áreas son núcleos esenciais de desenvolvemento de actividades deportivas e de lecer, sendo estas fundamentais para conseguir a sociedade do benestar na que vivimos. A nivel de fomento e promoción económica son fundamentais a través de proxectos relacionados co lecer, turismo e deporte.

Señoras e señores, a importancia destas áreas e da súa planificación non é un tema novo neste Concello, xa que no documento de declaración conxunta das conclusións da Mesa dos montes de Vigo de maio de 2003, que asinan entre outros o alcalde, daquela D. Lois Pérez Castrillo, o conselleiro-delegado da COTPV, Zona Franca, vicerreitor de Investigación, Caixanova, presidente da Cámara de Comercio, Confederación de Empresarios, grupos ecoloxistas e

representantes dos grupos municipais, di no seu punto un que “Recoméndase encarecidamente ao goberno municipal do Concello de Vigo a realización dun plan especial de parte destas áreas como documento de base integradora no Plan xeral de ordenación municipal”.

Por outra banda e dende un punto de vista máis global, na resolución do Consello Europeo do 28 de xaneiro de 1991, sobre o Libro verde relativo ao medio ambiente urbano, no seu punto tres recoñécese a responsabilidade das autoridades locais na definición da política de xestión do medio ambiente urbano, argumentando no seu punto seis a importancia da planificación urbana no marco para integrar as decisións sobre ordenación do territorio e abordar os problemas medio ambientais deste.

Por todo o argumentado e agardando que unha enumeración de actividades en planificación e sen obxectivo non sexa unha escusa para a xustificación da elaboración dun plan director, instamos ao goberno municipal a que acometa sen máis dilacións as súas obrigas e elabore e implante este plan director para a conservación dos parques, espazos libres e zonas verdes da nosa cidade.

SR. RIVAS GONZÁLEZ: Sr. Araújo, a este goberno municipal preocúpalle o tema e moito. Ven traballando arreo en algo no que cre e que quere levar adiante co fin de mellorar o benestar dos veciños e veciñas, así como a súa calidade de vida, coa creación e mantemento de zonas verdes da nosa cidade. Unha inquietude que deixa patente a nosa preocupación medio ambiental.

Dende este goberno estamos a realizar importantes labores de mellora nos parques da nosa cidade posto que o seu legado chegou en deficientes condicións.

En canto a investimentos, Sr. Araújo, dicirille que na última lexislatura acometemos importantes investimentos en espazos verdes que se traduciron nun incremento de máis de 13 hectáreas en todo o termo municipal. Entre os nosos logros, ademais destas zonas verdes, atópanse a creación nestes ámbitos de trinta e catro parques infantís, de vinte e oito áreas biosaudables, instalacións deportivas... algo que vostedes nos deixaron de xeito deficiente; a colocación de bancos, algo moi demandado e que vostedes non puxeron ningún; novas plantacións de árbores e arbustos e así un sen fin de actuacións nestas zonas

verdes.

No que respecta ás principais áreas verdes e referentes ao patrimonio histórico da nosa cidade, como Castrelos, O Castro, alameda de Compostela ou Samil, entre outros sinalar que o aumento experimentado en investimentos con respecto á anterior lexislatura supera un millón de euros o que supón un incremento de máis dun 80%. Sr. Araújo, máis dun 80% con respecto á lexislatura da Sra. Porro.

En canto ao traballo desta concellería dicirlle que ven traballando e que non actuamos de forma illada ou caprichosa, senón que o facemos de xeito coordinado con todas as áreas e concellerías implicadas nestes ámbitos. Isto tradúcese nun importante beneficio sobre as áreas de actuación, mantendo en todo momento para este fin a unidade municipal e mellorando así a calidade dos servizos públicos e destas zonas verdes en xeral.

Sr. Araújo, no que atinxe á elaboración e proposta dun plan director de melloras para a xestión e conservación dos parques, espazos libres e zonas verdes, sinalar que dende o goberno municipal e dende o Grupo municipal Socialista engadímonos á súa moción para seguir creando zonas verdes que estean coordinadas en todas as actuacións.

Crearemos plans directores en todos estes ámbitos pero precisamos de algún tempo. O goberno municipal está a seguir unha política de austeridade necesaria nestes momentos de crise e, aínda que sexan numerosos os proxectos relacionados coa sostibilidade ambiental, estamos a buscar os momentos máis axustados para a súa aplicación. Por iso unha das prioridades do noso goberno é conservar e ampliar estas áreas en todo o termo municipal, difundindo o respecto pola natureza e o desenvolvemento das campañas de sensibilización que fomenten un comportamento cívico entre a cidadanía.

Sr. Araújo, xa que vostedes dende o Grupo Popular están tan interesados na conservación e mantemento de zonas verdes, agora que gobernan en moitas administracións é o momento de que poñan de manifesto esta preocupación. Así aproveito a ocasión que me brinda con esta moción para lle agradecer que se sume ao interese deste goberno municipal e do seu alcalde, Abel Caballero, polas áreas verdes e fagan as xestións oportunas para que a Xunta de Galicia leve adiante dentro das súas competencias o proxecto existente do paseo do río

Lagares, tan demandado e necesario para esta cidade que constrúe a outra fachada fluvial desta cidade e que se traduciría nun cambio de vida de todos os cidadáns, sobre todo das parroquias de Cabral, Lavadores e Sárdoma. Sr. Araújo, seguro que os veciños destas parroquias agradeceranlle que faga esa xestión. Nós dende o goberno municipal sumámonos a ese apoio e estaremos con vostedes para que o defenda nesas institucións.

Como di un dos nosos lemas “Vigo é unha cidade fermosa”, unha cidade que este goberno municipal concibe para que se goce polos seus cidadáns. Consideramos que as zonas verdes fomentan a calidade de vida e potencian o atractivo turístico da nosa cidade. Queremos que Vigo cativa aos seus visitantes e aos seus cidadáns.

SR. ARAÚJO PEREIRA: Alégranos moito a resposta do Sr. Rivas en canto á motivación desta moción. Só lembrarlle que 13 das 3.000 hectáreas de zonas verdes que temos na cidade é unha porcentaxe bastante baixa en novas plantacións. Terá que me falar do estado fitosanitario dalgunhas zonas verdes desta cidade como Samil ou a Alameda, onde algunha árbore está a caer.

De todos os xeitos as políticas medio ambientais que triunfan son as que desenvolven ferramentas de planificación e estratexias para xerar crecementos económicos atendendo á redución de contaminantes mediante procesos produtivos máis eficientes e eficaces en canto ás súas emisións e á protección e potenciación de recursos naturais como reitores de contaminantes, así como fonte de alternativas tanto a nivel produtivo como de lecer e saúde.

Fronte isto podémoslle dar as costas ás nosas verdes sacándolles a grande importancia e a oportunidade cara ao futuro que ofrecen e seguir coa política que ata agora ven realizando o goberno municipal. Pero este mesmo goberno teralle que responder á cidadanía preguntas tales como, como é posible que nos últimos anos o investimento na maior parte do monte peri-urbano e na maior parte dos parques sexa nula, agás nalgún labor de mantemento nos parques forestais.

Deberá responder como é posible que diante dunha alegación aos orzamentos do Concello de Vigo de 2011 dos organismos que coordinan a xestión de máis de 1.700 hectáreas de zonas verdes sobre a falta de investimento nelas, se responda primeiro no Pleno polo concelleiro responsable que para mellorar os

parques e zonas verdes que vostedes tiñan en completo abandono investirían máis de 4.000.000 de euros, a pregunta que se fai a cidadanía é onde están eses cartos.

Deberán responder sobre as desestimacións das alegacións argumentando a existencia dunha partida económica de roza e limpeza de parques forestais e tratamentos fitosanitarios, cunha dotación de 323.693 euros, destinada ao mantemento dos parques forestais e a existencia igualmente de partidas destinadas a investimentos por un importe de 2.270.000 euros, cando estas zonas que para nós son de tanta importancia non recibiron practicamente nada.

Deberán responder á cidadanía se vale para algo o programa de accións incluído no Plan xeral de ordenación xa que no programa se estiman partidas de investimentos por valor de 27.000.000 de euros para mantementos. Por certo, 13,3 millóns para o Lagares e non se cumpren ou se cumpren a medias.

Podemos seguir nesta liña ou podemos cambiar a estrutura a través dunha ferramenta como é o plan director de melloras para a xestión e conservación de parques. Alérganos a súa postura.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo concelleiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Araújo Pereira, instando ao Goberno municipal a implantación dun Plan Director para a conservación de parques, xardíns e zonas verdes, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

### **CUESTIÓN DE ORDE**

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, unha cuestión de orde. O Bloque Nacionalista Galego presentou unha moción urxente que ten moito, practicamente todo que ver con esta moción, polo que non teriamos problema en



debater as dúas conxuntamente para evitar a duplicidade dun debate logo nos asuntos urxentes.

A PRESIDENCIA: Di o secretario que non temos esa moción urxente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pois non lla pasaron porque se presentou e rexistrouse como moción urxente ao seu debido tempo. En todo caso non temos inconveniente en pasarlle unha copia. Está rexistrada

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, suxerímoslle que presente vía emenda esta moción porque non tendo constancia sería incumprimento do regulamento.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Vía emenda non porque repito que nós presentamos unha moción sobre este tema da FAVEC.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, o secretario di que é unha moción pendente que non urxente.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Alcalde, agora mesmo baixan a copia co cuño do Rexistro.

A PRESIDENCIA: Son os servizos de Secretaría.

*Neste intre prodúcese unha nova interrupción con berros de “Queremos intervir” tendo que chamar á orde varias veces a Presidencia.*

A PRESIDENCIA: Propoño aos grupos que mentres se aclare cal é a situación administrativa desta moción pasemos ao punto 4.3 e logo tratamos esta cuestión se lles parece conveniente.

4.2.- (290) MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO PARTICIPACIÓN CIDADÁ E OUTRAS MEDIDAS

## RELATIVAS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. EXPTE. 351/1101.

*De acordo co anterior, a presente moción pasa tratarse logo do punto 4.3, xuntamente coa moción urxente presentada polo grupo municipal do BNG relativa ao mesmo tema.*

### 4.3.- (291) MOCIÓN DO GRUPO POPULAR SOLICITANDO A HABILITACIÓN DUN SISTEMA IDENTIFICADOR DOS VEHÍCULOS DE HADO E DO PROFESIONAIS SANITARIOS. EXPTE. 352/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de novembro, número 352/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“Ao longo dos últimos meses, os vehículos utilizados polos servizos de hospitalización a domicilio (HADO), nos que se desprazan os equipos sanitarios que acoden na atención dos doentes incluídos neste servizo, están sendo sancionados por estacionar en lugares só permitidos a certos vehículos, como carga e descarga, etc.

Estes vehículos, todos eles rotulados para que resulten de fácil identificación, son de uso exclusivo para atención de servizos médicos, gran parte deles emerxencias graves que requiren o transporte de aparataxe, polo que debería darselle un trato diferenciado para facilitar unha rápida resposta.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular insta ao Goberno Local a adoptar os seguintes acordos:

Primeiro.- Habilitar os mecanismos adecuados para que, mediante un sistema de identificación, os vehículos dos servizos de HADO dos hospitais da nosa cidade poidan estacionar en áreas destinadas a carga e descarga, discapacitados ou calquera outra que non altere a circulación.

Segundo.- Así mesmo, se estableza algún outro sistema de identificación que facilite o aparcamento dos vehículos que sexan utilizados polos profesionais sanitarios de atención primaria para a atención domiciliaria.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 21 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

DEBATE.- SRA. CENDÓN IGLESIAS: O Grupo Popular presenta hoxe unha iniciativa que pretende solventar unha problemática que dende hai algún tempo ven alterando o bo funcionamento dos servizos de hospitalización a domicilio na nosa cidade, o chamado HADO.

O HADO é un servizo de atención especializada que permite a pacientes moi complexos que non poden ser atendidos polos servizos de atención primaria, recibir os coidados hospitalarios que precisan só que no seu ámbito familiar. O 70% destes pacientes enténdese que son complexos, como pacientes terminais, oncolóxicos, insuficiencias cardíacas graves..., pacientes que é moi fácil entender que se reciben os coidados hospitalarios no seu propio domicilio aumentamos moito a súa calidade de vida. Pero non só a deles, tamén o benestar dos seus familiares que poden estar cerca deles e non nunha cadeira de brazos dun hospital permanentemente ao seu coidado.

É un servizo polo que estamos acostumados a ver permanentemente nos xornais cartas de agradecemento, é o servizo hospitalario de maior satisfacción por parte dos usuarios. Para prestar esta atención require de visitas polo menos diarias aos domicilios destes pacientes, nalgunhas ocasións dúas ou tres veces dependendo da complexidade. Visitas que realizan os facultativos e persoal de enfermería do servizo de HADO nuns vehículos perfectamente rotulados do complexo hospitalario e nuns figura "Hospitalización a domicilio" e noutros "Vehículos para atención continuada".

Dende a anterior lexislatura do Goberno municipal veñen sufrindo un auténtico acoso de multas. É fácil comprender que estes profesionais, que en moitas ocasións levan maletíns pesados, aparatos de exploración, teñan que aparcar nalgunha ocasión en zonas reservadas, de carga e descarga, porque a programación da ruta depende da axilidade coa que se movan. Está claro que se poden incluír máis pacientes na medida en que este servizo se faga con rapidez. Isto obrígaos a utilizar as zonas reservadas e así sofren un auténtico acoso, nos dous últimos meses están rexistradas vinte e oito multas. Xa acontecía isto na anterior lexislatura pero agora é moi acusado.

Este é un problema que só se presenta na cidade de Vigo, as demais cidades de Galicia teñen isto perfectamente resolto. O propio servizo de axuda a domicilio

cando se despraza ao Porriño non ten dificultade, a dificultade só a ten nesta cidade.

Os primeiros hospitais que implantaron este servizo precisamente rotulaban os seus coches en color azul azafata e laranxa para que os identificara toda a Policía e así ter un trato de preferencia, o mesmo trato que pode ter unha ambulancia. Aquí non, aquí castigamos ao servizo que máis satisfacción ten por parte dos usuarios.

Tampouco os profesionais de atención primaria que se están desprazando aos domicilios para a atención urxente, teñen preferencia á hora de aparcar e isto retarda moito os servizos co que deixamos os centros sen atención. Hai que lembrar que Vigo é unha zona única de saúde, isto quere dicir que un médico que preste os seus servizos en Coruxo pode ter un usuario en Teis, o que implica ter que facer este desprazamento.

Propoñemos como acordo que todos os vehículos do servizo de hospitalización a domicilio, identificados coa rotulación da que dispoñen ou ben con outra que se poida habilitar no Concello, poidan estacionar en zonas restrinxidas de carga e descarga e de discapacitados cando se atopen realizando a atención urxente aos usuarios. Así mesmo propoñemos un acordo de similares características para os vehículos utilizados polos profesionais de atención primaria domiciliaria.

SR. LÓPEZ FONT: Eu non sei, Sra. Cendón, se vostede quere solucionar o problema ou se o que realmente ven facer aquí é un canto á xestión sanitaria do goberno de Galicia. Non sei o que pretende.

Cando hai grandes problemas na sanidade, porque eu esta mañá escoiteille certas cousas que mellor sería que non dixera e certas xustificacións que nin moito menos xustifican os recortes que está facendo o goberno de Galicia, cando hai grandes listas de agarda, grandes problemas como o da redución da atención xinecolóxica ás mulleres, cando vostedes como goberno de Galicia están pedindo que se cobren dez euros pola tarxeta sanitaria, cando están presentando o estudo do co-pago pola sanidade, cando non son capaces nin de votar a favor unha moción como a do centro de Navia e cando nega vostede que nesta cidade hai un hospital privado, vostede está exclusivamente preocupada polo tema das multas.

Hai un termo que non llo consinto no ámbito político porque está desmerecendo á Policía Local. Non hai en ningún momento acoso por parte da Policía Local nin aos vehículos que vostede menciona, nin a ningún. Pediríalle que retirase ese termo porque non é correcto.

Está ben preocuparse polos pequenos detalles pero coido que estes temas se resolven dun xeito totalmente diferente. Resólvense no ámbito da colaboración institucional entre o SERGAS e este goberno. Resulta sospeitoso que vostede presente a moción o día 16 e o xerente do CHUVI presente un escrito o día 24. Teño que facer unha afirmación, Sra. Cendón, malia as dificultades para lle transmitir a miña idea sobre algo que, como dicía antes a Sra. Abelairas, coido que é importante e que deberían coñecer todos os cidadáns; non houbo en ningún momento ningunha comunicación do SERGAS a este goberno municipal nin no anterior mandato, nin neste ata o día 24, sobre este problema e por iso é evidente, Sra. Cendón, que vostede está politizando este tema.

É evidente que isto se debería solucionar coa colaboración institucional entre o SERGAS e este goberno municipal como tantos outros problemas. Nese sentido e malia que coido que fraco favor fai vostede para a solución do problema presentándoo como o fixo, ofrecémonos a solucionalo. O que ocorre é que eu non lle podo concretar cal vai ser a identificacións dos vehículos porque se ben é certo que hai uns vehículos de HADO, tamén hai unha información en prensa relativa aos facultativos de que dificilmente se pode autorizar a calquera persoal sanitario a que teña unha tarxeta para poder aparcar sen que se concreten os servizos que van realizar.

Coido que hai moitos problemas sanitarios tanto en Galicia como na cidade de Vigo, como para que vostede traia este problema. Estou convencido que presentou isto como unha táctica de despiste, de agochar realmente os problemas sanitarios e coido que vostede, como concelleira do Concello de Vigo, debería preocuparse dos problemas da sanidade neste Concello e hoxe en todas as súas actuacións máis ben pareceu unha xestora do SERGAS que unha concelleira deste Concello.

Como estamos en disposición de aprobar esta moción e de buscar unha solución, coido que vostede debería retirar a mención ás prazas de discapacitados porque sería solucionar un problema para crear outro. O lóxico é que en todo caso

tratemos sobre as zonas de carga e descarga pero non restar prazas de aparcadoiro ás persoas con discapacidade.

Nós estamos a favor de aprobar esta moción, de estudar o que vostede propón pero coido que realmente se debería preocupar máis polos problemas da sanidade e menos por defender a xestión do SERGAS.

SRA. CENDÓN IGLESIAS: Sr. López Font, ben se ve que acaba de chegar á Concellería de Mobilidade porque me di que non hai comunicación da Xerencia do CHUVI cando o Sr. Calviño, o seu antecesor, non só mantivo unha entrevista co xerente do CHUVI, senón que mantivo tres e nesas tres negouse a ningún tipo de acordo. Sen embargo, como xa lle dixen, todas as cidades galegas teñen acordos cos concellos, A Coruña, O Ferrol, Ourense, Lugo teñen acordos, en Santiago o acordo chega ata que non só poden aparcar en carga e descarga, discapacitados e zonas prohibidas, senón que poden circular por todas as zonas peonís, polo casco vello; están eximidos do aparcadoiro da ORA, é dicir, poden aparcar en zona azul. É de sentido común que os coches dos hospitais que atenden a pacientes nos seus domicilios teñan facilidades para atender a máis pacientes porque o tempo e os recursos son limitados. Por iso pídlle esa facilidade por parte do Concello.

Claro que traio isto que a vostede lle parece unha pequenez, é algo moi importante e de ámbito municipal. Non traio outros temas porque estes se dirimen onde se debe, no Parlamento e por quen corresponde. Eu traio os temas de ámbito municipal, non traio parvadas, traio un problema moi serio dos profesionais tanto de hospitalización a domicilio como de atención primaria.

Insístolle en que Vigo é zona única e iso significa que calquera usuario, independentemente de onde viva, pode ter o médico de cabeceiro na outra punta da cidade. No Plan de mellora de atención primaria que coñece moi ben o Sr. Rodríguez Escudero, había un compromiso de disgregar esta zona única en áreas de saúde; non se fixo, incumpriuse e mantense co que un desprazamento dun médico a un domicilio pode implicar tres horas de desatención no centro de saúde.

Di vostede que non hai acoso por parte da Policía Local. Eu dubídoo un pouco pola sinxela razón de que dende a última entrevista co xerente incrementouse o

número de multas, fálolle de vinte e oito rexistradas.

Non lle pido que exima as multas por utilizar un teléfono, por non utilizar o cinto; pídlolle que exima as multas por aparcar en zonas restrinxidas. Non pido diminuír as prazas de discapacitados, pola contra pido que se aumenten pero ao mellor algunha destas se pode rotular de dobre xeito: para uso sanitario e para uso de discapacitados.

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. Cendón Alonso, instando ao Goberno municipal a habilitar un sistema de identificación para vehículos de HADO e para os utilizados por profesionais da sanidade, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

### **CUESTIÓN DE ORDE**

A PRESIDENCIA: Regresamos á moción 4.2. Está presentada unha moción do Bloque que aparece como moción urxente e aínda que o secretario ten dúbidas con respecto aos prazos, se lle parece ben ao Grupo do Partido Popular tratámola.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Gustaríame que quede moi claro que non hai dúbidas.

A PRESIDENCIA: Está a opinión do secretario e polo tanto non entremos nesa cuestión agora.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: O Sr. Secretario é responsable do Pleno da Corporación e nós o somos do que facemos como grupo político e por iso eu quero aclarar que

hai unha moción rexistrada o 22.11 e titulada como moción urxente. O regulamento di claramente que “Os grupos poderán someter á consideración do Pleno unha soa moción por razóns de urxencia que deberá ser entregada á Secretaría Xeral do Pleno polo menos con vinte e catro horas de antelación á realización da sesión plenaria”. Esta moción rexistrouse o día 22 como moción urxente.

Quero aclarar isto para que non quede nin a menor dúbida de que nós si que cumprimos o regulamento.

A PRESIDENCIA: Segue en pé a interpretación do secretario pero en todo caso tratamos as mocións se lles parece ben aos grupos Popular e Socialista.

SR. FIGUEROA VILA: Parécenos ben, Sr. Alcalde, pero xa dixemos na Xunta de Voceiros que queríamos coñecer os criterios sobre certos temas para non ter logo ningún tipo de enfrontamento. Queremos coñecer cada un dos grupos os criterios que se van adoptar porque ás veces se adopta un e outras veces outro. Se temos que ter unha xunta de voceiros específica para temas como os que están xurdindo ultimamente como é o das mocións urxentes e sobre todo sobre as comparecencias e máis cuestións de funcionamento do Pleno, estamos dispostos a que se convoque o máis axiña e aclarar estes temas co secretario ou cos técnicos da casa, pero polo menos que coñezamos todos as regras do xogo e en que parámetros nos movemos.

A PRESIDENCIA: Paréceme acertado. Coido que temos que ter esa reunión de voceiros ao obxecto de interpretación do regulamento cando xorden estas cuestións.

En todo caso e se lles parece aos grupos propoño que esta vez a moción do BNG se considere urxente e polo tanto proceder ao seu debate.

4.2.- (290) MOCIÓN DO GRUPO POPULAR INSTANDO A APROBACIÓN DO REGULAMENTO DO PARTICIPACIÓN CIDADÁ E OUTRAS MEDIDAS RELATIVAS ÁS ASOCIACIÓNS VECIÑAIS. EXPTE. 351/1101.

-----  
S. Ordinaria 28.11.11



ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 16 de novembro, número 351/1101, a concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, formula a seguinte moción:

“No Pleno do 16 de xuño de 2009, apoiamos todos os grupos a aprobación de forma urxente dun novo Regulamento orgánico de participación cidadá que a día de hoxe aínda non se resolveu.

Ademais disto, a representación veciñal da FAVEC atópase un ano máis sen o apoio necesario para levar a cabo o seu labor participativo e debido á actitude do goberno municipal está en risco de desaparecer.

Por todo isto, o Grupo Municipal do Partido Popular somete a aprobación do Pleno da Corporación o seguinte acordo:

Instar ao Goberno local a:

Primeiro.- Aprobar o novo regulamento orgánico de participación cidadá.

Segundo.- Introducir a partida de 54.000€ no orzamento a favor da Federación Veciñal Eduardo Chao para o ano 2011 e 2012, eliminada desde o ano 2009.

Terceiro.- Informar ás asociacións da resolución de concesión de axudas ou da súa desestimación.”

A comisión informativa de Emprego e Participación Cidadá, en sesión do 21 de novembro, ditaminou favorablemente a anterior moción.

*A Presidencia somete a debate a presente moción xuntamente coa moción urxente presentada polo Grupo municipal do BNG relativa ao mesmo tema, que figura co número 4.A.a. da presente acta.*

DEBATE.- SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorprendémonos moito cando empezamos a traballar con este tema da situación actual da área de Participación Cidadá neste Concello porque, se antes crín que a área de Benestar Social estaba mal, esta está moito peor. A realidade é que o concelleiro de Participación Cidadá, que tamén o foi no anterior mandato, incumpriu e continúa incumprindo os acordos plenarios, chantaxean ás asociacións veciñais, conceden a dedo as subvencións,

reparten cantidades importantes de diñeiro ás asociacións nas que os seus presidentes son destacados militantes do PSOE, estrangulan o traballo da máxima representación veciñal desta cidade, a Federación Veciñal “Eduardo Chao”, que representa a trinta e seis asociacións veciñais e representa ao movemento asociativo de Vigo.

A aprobación inicial deste regulamento fíxose o 31 de marzo de 2006. No ano 2009 mediante unha moción presentada pola Sra. Iglesias Bueno, fíxose unha petición da aprobación definitiva do regulamento e todos os grupos políticos votamos a favor. Pero a realidade é que dende o ano 2009 tampouco se trouxo a este Pleno a aprobación definitiva.

Os criterios para conceder as subvencións tamén varían segundo a implicación política para co alcalde e para co Partido Socialista. Como me dicía un destacado membro dos veciños “Aquí tápanse as bocas con cartos”. É verdade. Asociacións afíns e sindicatos levan o gordo do presuposto de Participación Cidadá e dos convenios, convenios que moitas veces non figuran dependendo da asociación da que se trate.

Por poñer un exemplo, a Asociación veciñal de Lavadores levou no ano 2010 a cifra de 138.634 euros, cando ese mesmo ano houbo asociacións que levaron cantidades como 4.000, 3.000 ou 2.000 euros. Non aparecía nada presupostado nin no ano 2010, nin no 2011. Sen embargo os sindicatos si aparecen no orzamento e levan 188.661 euros. O grave disto é que só estas dúas organizacións, a Asociación veciñal de Lavadores e as asociacións sindicais, levan un total do 14% do orzamento de Participación Cidadá,.

A falta de transparencia na xestión, a nula igualdade de oportunidades, o escurantismo na adxudicación de axudas en materia de Participación Cidadá, está convertendo a nosa cidade na ditadura de Alcaldía. Ademais da extorsión que estamos vivindo, as asociacións non saben a día de hoxe se van cobrar as subvencións, o prazo para informar das resolucións destas subvencións rematou o 4 de novembro e as asociacións xa fixeron as súas actividades, xa fixeron os deberes poñendo o logotipo de Alcaldía por todas partes, en todas as actividades que levaron a cabo, pero non saben nin canto lles van dar nin cando llo van dar. Isto é un auténtico desastre, Sr. Rodríguez Díaz.

A Federación veciñal “Eduardo Chao” está composta dende xuño de 2010 por

salientables membros do PSOE e do Bloque, non só do Bloque, como vostede dicía nalgunha intervención nos medios de comunicación. Pero dende a crítica que fixo pola importante subida de impostos dun 3,8% que vostedes aprobaron, a Federación veciñal viviu en carne propia a estrangulación tal e como a sufriu a anterior directiva de Elena González e todo o seu equipo, aos que dende aquí lles quero enviar un cordial saúdo. Agora mesmo a actual directiva está padecendo a mesma situación.

Para o alcalde o movemento veciñal son lupandas pero esquece todas as actividades culturais, deportivas, de formación, recreativas, de participación e sociais que levan a cabo de maneira altruísta porque como ben sabemos a Xunta Directiva das asociacións veciñais non cobra.

*Prodúcese unha nove intervención no desenvolvemento do debate por berros do público de "Queremos intervenir"*

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: A moción que presentou o BNG coma urxente é fundamentalmente para tratar un tema que aos nacionalistas e ao BNG parécenos moi grave: o que está a acontecer precisamente coa participación democrática e coa colaboración coa Federación de Asociacións Veciñais da nosa cidade.

Sres. do Partido Popular, non nos imos meter porque cremos que as subvencións que se dan nesta cidade para os tres sindicatos están absolutamente merecidas porque tamén son colectivos que están a facer un gran labor da defensa do que precisamente ao BNG nos importa, coma é a defensa dos dereitos dos traballadores e traballadoras. Polo tanto eu nunca poñerei en dúbida os cartos cos que se lles poida axudar aos que realmente defenden aos traballadores e traballadoras da nosa cidade.

Si quero falar do que está a acontecer. A Federación de Asociacións de Veciños ten cumprido historicamente un papel moi relevante na defensa dos intereses da veciñanza de Vigo. Dentro dos seus cometidos atópase ademais velar para que a acción do goberno municipal sexa a máis efectiva e beneficiosa para os barrios e parroquias da nosa cidade. Dende o BNG ademais pensamos que a democracia non consiste só en votar unha vez cada catro anos. A democracia participativa

consiste tamén na crítica construtiva, nas suxestións día a día, mes a mes, mesmo na crítica a calquera acción do goberno municipal.

Sr. Alcalde, por iso entendemos que un goberno municipal trabúcase sempre cando non permite esta crítica ou non permite que alternativas diferentes á súa propia acción poidan expoñerse publicamente. Dixémolo ao comezaren este Pleno: non permitiremos e non estaremos de acordo con que se conculque a participación democrática dos colectivos que o pidan e tampouco estaremos nunca de acordo con que a quen representa a vontade das asociacións veciñais tampouco se lle permita esa acción crítica.

Repito que un goberno sempre se trabuca cando non acepta a crítica porque iso non é gobernar, iso é sinxelamente mandar e aquí vos estades para gobernar e nós para representar a vontade cidadán.

Trabúcase sempre un goberno cando só tenta favorecer ou escoitar a aqueles que o aplauden, os que están de acordo coas decisión e trabúcase cando tenta limitar as accións daqueles que por unhas ou por outras razóns non están de acordo. Sr. Alcalde, iso é o que está a acontecer coa Federación de Asociacións Veciñais. O BNG ten claros exemplos de como se goberna e como se ten que gobernar.

Hai anos tiñamos discrepancias con certas manifestacións e accións da anterior directiva da Federación de Veciños pero o BNG seguiu colaborando aínda que non estabamos de acordo, a diferenza de vostede que tamén lle pechou a billa á dirección e a aquela Federación. Tivemos un exemplo neste mesmo mandato: nós non estabamos de acordo coa proposta da FAVE para as taxas municipais e fixemos o que responsablemente criamos que correspondía facer, pero non por ter distintos criterios deixámonos de xuntar coa Federación de Veciños nin deixamos de atender ás súas demandas.

Claro que hai militantes do BNG na Federación de Veciños, igual que militantes do PSOE e seguramente nas asociacións haberá tamén militantes do PP e estamos orgullosos de que os nosos militantes colaboren nas entidades sociais, culturais e demais desta cidade. Pero ten que saber unha cousa Sr. Alcalde: vostede non ten súbditos, vostede goberna para os vigueses e viguesas que non son os seus súbditos. En todo caso, se vostede está aí é porque os vigueses e viguesas puxérono, non se esqueza diso, e polo tanto ten que respectalos,

gústelles ou non o que opinen.

Por iso nós presentamos esta moción criticando tamén, Sr. Rodríguez Díaz, ás súas declaracións. A Federación de Veciños gasta os seus cartos nas parroquias viguesas e non para lupandas.

SR. RODRÍGUEZ DÍAZ: Sra. Míguez, vostede non se decata ou mente máis que fala. Ten os expedientes na Xunta de Goberno Local e que están colgados na páxina web, onde figuran 109 asociacións que recibiron no ano 2010 subvencións da concellería de Participación Cidadá, cun importe total de 564.000 euros. Revísea e vaia á folla onde aparece Lavadores e saíralle que 10.500 euros. Chame á oficina. Se baixara o expediente decataríase. Mente e non se decata.

Un total de 109 asociacións e cada unha delas recibe unha subvención nunha convocatoria pública, con concorrencia, onde cada unha presenta os seus proxectos, onde unha comisión as puntúa en base a esa convocatoria e son fiscalizados pola Asesoría Xurídica e por Intervención e logo aprobadas na Xunta de Goberno Local. Logo fáiselles unha transferencia dos cartos para eses programas. Non vai don Abel Caballero a cada asociación co cheque no peto a darllo alí como fan vostedes. Aí non hai concorrencia, dinlles o que queren facer e se son bos llo dan. Decátese Sra. García Míguez e señores do Partido Popular, nós imos co expediente de pagamento da Tesourería. Isto é co que imos nós efectuados os pagamentos.

Non estrangulamos á FAVEC nin a ningunha asociación. Revise o que teñen cobrado cada unha delas. Pódolle dicir que Cristo da Victoria 10.300 euros, 200 euros menos que Lavadores. Revíseo a non ser que non saiba de números.

A FAVEC ten cobrado neste ano deste goberno municipal 83.000 euros e ten pendentes 13.000 euros que son as subvencións ás que facía vostede referencia, en total 96.000 euros que aparecen nos papeis correspondentes a o ano 2011. Esa é a realidade, nós non estrangulamos a ninguén.

Dende logo o que si fixo bastante ben a dirección veciñal foi vir o xoves antes das eleccións xerais á porta do Concello a facer campaña electoral que non foi á Deputación. Canto lle dan vostedes ás asociacións? Fano con convocatoria pública con concorrencia ou fano a dedo, Sra. Míguez? Canto lle dan vostedes á FAVEC? 3.000 euros para a última lupanda?

Son os mesmos que viñeron aquí dicir que baixáramos os impostos e agora nos din que lles subamos un 40%. Sra. Míguez, a FAVEC non pide 54.000 euros, non sei se vostede se decatou na xuntanza que fixeron; piden 72.000 euros. Coido que anda vostede un pouco trabucada, se lles quere seguir o xogo pida o que piden eles por Rexistro. Á sede da Deputación ou da Xunta non foron pedir nada. Aquí mantemos as partidas, é por concorrencia e non se lles resta como fan vostedes na Xunta de Galicia ata en partidas de benestar social.

O que lle podemos dicir é que este alcalde e este goberno municipal teñen relación directa con todas e cada unha das asociacións veciñais e de calquera outro movemento: socio-sanitario, recreativas, deportivas, etc. Ninguén lle vai impoñer con quen e como se vai relacionar.

Por todo isto, señores do BNG e do Partido Popular, o Grupo municipal Socialista vaise abster nesta moción que vostedes presentan porque nada do que din os señores do Partido Popular é verdade. Menten como infames e a Federación de Asociacións de Veciños ten 96.000 euros no ano 2011.

*Durante a intervención do Sr. Rodríguez Díaz producíronse constantes berros e intervencións por parte do público asistente no salón de Plenos, tendo que pedir silencio a Presidencia repetidamente e pregar aos asistentes que se absteñan de insultar aos membros da Corporación.*

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Xa adianto que non vou entrar no nivel deste debate. Evidentemente uns veñen aquí con cheques e outros, Sr. Rodríguez Díaz, desprezan á Federación democraticamente elixida polas asociacións e xúntanse persoalmente con cada unha delas, precisamente para facer unha política que non respecta aos representante lexitimamente elixidos desas asociacións. Polo tanto uns e outros e eu non quero caer niso. Fala vostede de lupandas; eu teño constancia de que as asociacións de veciños traballan pola veciñanza. Lupanda a que houbo o outro día en Cotogrande, coa presenza dun ministro, esa si que foi unha lupanda.

Uns e outros. Eu sinxelamente fago unha pregunta e por iso poñémolo na moción: Sr. Alcalde, por que non recibe vostede á Federación de veciños, unha federación lexitimamente elixida e que representa aos intereses da veciñanza.

Explíqueo vostede. Iso é o que pedimos na moción, que os reciba e que asine urxentemente o convenio que está pendente.

Sr. Rodríguez Díaz, vostede evidentemente trabúcase cando non rectifica, trabúcase coas fuxidas cara adiante. Non estamos a falar agora da Deputación, xa o fixemos antes e por suposto que falamos bastante mal dela porque o merece. Cumpran cos seus compromisos, vostedes están a gobernar con minoría nesta cidade e teñen que facelo para todos e todas absolutamente. Os feitos demostran que cando algún colectivo non está de acordo cos seu pronunciamentos ou saen publicamente criticalos, vostedes péchanlles as portas e cambian as fechaduras.

O único que pedimos dende o BNG é que sexan democráticos e reciban aos cidadáns independentemente de que estean de acordo cos seus postulados. Iso chámase gobernar e sobre todo en minoría.

*Ao remataren a intervención o Sr. Domínguez Olveira, vólvese oír gritos de "democracia" así como aplausos do público asistente á sesión, tendo que agardar a Presidencia para dar a palabra á Sra. García Míguez.*

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Sorpréndeme enormemente o que ven de dicir o concelleiro porque xa lle podo asegurar que está a mentir aos cidadáns, está mentindo no Pleno e ao colectivo veciñal porque nos temos xuntado cos colectivos veciñais, concretamente coa Federación de Veciños, e temos a notificación da transferencia do Concello de Vigo do ano 2011 pola que reciben as xornadas de mulleres veciñais 20.000 euros e de campaña de difusión do movemento veciñal 17.990.

Non nos dan as contas, vostedes din 96.000 euros e a realidade é que a Federación recibiu 37.990 euros, así que por favor deixe de dicir que se é para pagar lupandas ou dicir que a Deputación... Polo menos a Deputación está apoiando e sempre apoiou cando o Concello de Vigo non está presente ante as necesidades sociais, culturais e veciñais, como sempre estivo. Cando vostedes pecharon o centro de emerxencia de mulleres maltratadas durante dez meses, a Deputación tivo que estar aí.

Agora mesmo péchanlles as portas á festa veciñal e a Deputación está aí.

Sempre que o Concello de Vigo está incumprindo as súas obrigas, a Deputación de Pontevedra está aí.

Ademais de todo isto imos apoiar totalmente a moción do Bloque Nacionalista Galego porque cremos que se debe recibir a todos os representantes veciñais. De feito temos á Asociación de maiores de Lavadores Vilagalicia que presentaron por escrito a súa proposta e coidamos que o alcalde debe recibilles porque están a pasar por unha situación moi complicada nesa Asociación, o concelleiro Sr. Rodríguez Díaz nin sequera se dignou a atendelos ou recibilos e teñen unha revista en Lavadores que é o “chisme” porque lles patrocina con 3.500 euros unha revista que ao que se adica é a facer unha crítica contra unha chea de persoas e sobre temas persoais e xa se presentaron denuncias contra todos os membros da asociación veciñal. Teñen un grave problema e vostede nin sequera se dignou recibilos.

Quitán e dan locais sen un criterio definido, nas subvencións si hai un claro interese político. De feito as asociacións que se levan as maiores partidas presupostarias é onde en campaña electoral estivo o Alcalde de Vigo, Abel Caballero, facendo campaña e traballando dun xeito interesado no seu fin que era acadar o seu rédito electoral. Para iso si utiliza as asociacións veciñais e esas si teñen unhas partidas presupostarias moito maiores.

*Antes da votación dos asuntos, tense que interromper a sesión uns minutos por berros do público asistente de “Colexios Públicos solución”.*

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN E ACORDO: Con quince votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González,



Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo municipal do Partido Popular, Sra. García Míguez, instando ao Goberno municipal a aprobación do Regulamento de participación cidadá e tomar diversas medidas relacionadas coas asociacións de veciños, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **4.A. MOCIÓNS URXENTES**

4.A.a.- (292) MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG INSTANDO A SINATURA DUN CONVENIO COA FAVEC E CONVOCAR AOS MEMBROS DA FEDERACIÓN. EXPTE. 362/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 22 de novembro, número 362/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción urxente:

“A Federación de Asociacións de Veciños tren cumprido historicamente un papel moi relevante na defensa dos intereses dos veciños e veciñas de Vigo.

Dentro dos seus cometidos atópase velar porque a acción do goberno municipal sexa máis efectiva e beneficiosa para barrios e parroquias da nosa cidade.

Dende o BNG pensamos que a participación democrática, a crítica construtiva e a colaboración institucional son piares básicos de calquera acción política que teña como obxectivo estar ao carón da cidadanía.

Equivócase sempre un goberno municipal cando non permite a crítica ou mesmo as alternativas diferentes á súa propia acción. Nestes últimos meses estamos a contemplar como dende o goberno municipal se intenta calar á FAVEC polo simple feito de non estar de acordo con algunhas das realizacións do goberno. O BNG nunca permitirá que utilizando os recursos de todos os vigueses e viguesas se intente favorecer só a aqueles que aplauden as decisións do goberno e limitar as actuacións de quen, dende a participación e a colaboración, procuran suxerir liñas diferentes. Sempre foi tradición do Concello de Vigo a colaboración mediante convenios coa Federación Veciñal para o desenvolvemento das súas actividades (cursos, xornadas de formación, atención ao cidadán, fomento da

cultura, fomento dos servizos sociais, atención ás demandas parroquiais e dos barrios, etc) Todas estas iniciativas propician a democracia participativa . Está absolutamente fóra de lugar e o BNG quere criticar as declaracións efectuadas por un concelleiro en canto a que os cartos sexan adicados a “*comilonas*”, xa que esas declaracións descualifican a quen as fai e poñen de manifesto o descoñecemento de cal é o traballo das asociacións veciñais da nosa cidade.

Por todo o exposto o BNG propón a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Que o Goberno Municipal, no prazo máis breve posíbel faga efectivo e asine o convenio coa FAVEC, co fin de garantir o seu funcionamento e realización de diversas actividades.

Segundo.- O Goberno Municipal convocará urxentemente aos representantes da propia Federación para tratar aqueles temas que sexan necesarios para que no futuro existan as canles de comunicación axeitados coa FAVEC.”

*A presente moción debateuse xuntamente coa moción do Grupo Popular que figura co punto 4.2. da presente acta, figurando transcrito no devandito punto.*

(Está ausente a concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego).

VOTACIÓN DA URXENCIA: Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseis que a constitúen de feito, ó se acadar a maioría absoluta esixida polo artigo 51 do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local aprobado por real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e artigo 83 do regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por real decreto 2568/86, do 28 de novembro, apróbase a declaración da urxencia.

VOTACIÓN E ACORDO: Con quince votos a favor dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno e Relova Quinteiro, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e dez abstencións dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González,

Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, instando ao Goberno municipal á sinatura dun convenio coa FAVEC así como a convocar aos representantes da Federación para tratar os temas que sexan necesarios, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

#### **5.- (293) FORMULACIÓN DE ROGOS.**

- \* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. GARCÍA MÍGUEZ, RETIRADA Á PUBLICIDADE RELATIVA Á PROSTITUCIÓN.

SRA. GARCÍA MÍGUEZ: Por acordo plenario votado unanimemente por todos os grupos, acordouse que se ían retirar de todas as infraestruturas de competencia municipal os anuncios de prostitución. Vemos que aínda algúns taxis na nosa cidade continúan con eses anuncios nas súas portas e tamén nalgún panel informativo.

Por iso pedimos a retirada e quereríamos saber cando se vai facer efectiva.

A PRESIDENCIA: De xeito inmediato.

#### **6.- (294) FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.**

- \* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVA A QUE ACTUACIÓN PUXO EN MARCHA O CONCELLO PARA GARANTIR O ABASTECIMENTO DE AUGA AO NOVO HOSPITAL.

SRA. CENDÓN ALONSO: No pasado Pleno esta concelleira fixo unha pregunta moi concreta relativa ao convenio asinado no ano 2006 entre dúas concelleiras do goberno bipartito e a anterior alcaldesa de Vigo, Sra. Porro. Incomprensiblemente

non só non se me deu resposta ao que preguntaba senón que se me enviou un anónimo descualificando á anterior alcaldesa.

Por este motivo e pola preocupación que temos de que se poidan sufrir atrasos na construción do novo hospital de Vigo imputables a este Concello, fago unha nova pregunta relativa a este convenio: Que actuacións puxo en marcha este Concello no relativo a garantir o abastecemento de auga ao novo hospital.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito á pregunta pero con respecto ao anónimo, prégolle que o poña en coñecemento desta Alcaldía para ser enviado inmediatamente ao xuíz oportuno.

SRA. CENDÓN ALONSO: Con respecto a isto xa se lle deu conta ao secretario de que as respostas nunca veñen en forma, non teñen ningún rexistro de saída...

A PRESIDENCIA: É unha cuestión de orde o que está a facer?

SRA. CENDÓN ALONSO: Si.

A PRESIDENCIA: Non, estamos en rogos e preguntas.

SRA. CENDÓN ALONSO: Xa rematei a pregunta.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e cincuenta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.